Iglesias Rey, Patricia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre o prazo previsto pola Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes para a aprobación, conforme o disposto na Lei 38/2003, do plan estratéxico de subvencións

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 33739 (12/POC-005499)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Castro Rey, Paloma

Sobre o prazo previsto pola Consellería de Economía e Industria para a aprobación, conforme o disposto na Lei 38/2003, do plan estratéxico de subvencións

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 33740 (12/POC-005500)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Castro Rey, Paloma

Sobre o prazo previsto pola Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes para a aprobación, conforme o disposto na Lei 38/2003, do plan estratéxico de subvencións

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 33743 (12/POC-005501)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e 2 máis

Sobre o nivel de contaminación do río Deza e as actuacións que leva a cabo a Xunta de Galicia para o control de verteduras, así como sobre a protección ambiental dos espazos que baña e da saúde da poboación

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos



- 33750 (12/POC-005502)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria e 2 máis

Sobre o actual nivel de contaminación da praia do Porto de Santa Cruz, en Oleiros, e as medidas que prevé o Goberno galego para verificar a súa orixe, corrixir a situación e sinalizar a prohibición do baño
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 33756 (12/POC-005503)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón Tomás e Fernández Gómez, Alexandra

Sobre os inmobles que obtivo a Xunta de Galicia pola vía das herdanzas abintestato desde 2010, os datos referidos aos que foron vendidos e as súas previsións verbo dos mecanismos para atender o déficit de vivenda pública en alugueiro
Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 33762 (12/POC-005504)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e Carreira Pazos, Iria

Sobre as características do proxecto de ampliación do escenario do auditorio do Edificio Fontán, da Cidade da Cultura, o asesoramento recibido pola Xunta de Galicia para levalo a cabo e os beneficios que se esperan deste novo espazo
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 33767 (12/POC-005505)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e 2 máis

Sobre o inicio e o desenvolvemento da campaña de concienciación ante o risco de contaxio da dermatite nodular contaxiosa entre o gando bovino, a planificación das medidas de prevención por parte da Xunta de Galicia e o orzamento destinado a estas actuacións
Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 33773 (12/POC-005506)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 4 máis

Sobre as repercusións da posible ampliación das zonas vedadas á pesca de fondo no Atlántico nororiental por parte da Comisión Europea e as actuacións levadas a cabo ou previstas pola Xunta de Galicia para evitala e apoiar o sector
Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 33780 (12/POC-005507)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Longueira Castro, Silvia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre as directrices dos vindeiros plans de dinamización da lingua galega na mocidade e as próximas medidas da Xunta de Galicia para o fomento do uso do galego, singularmente no ámbito das redes sociais, medios de comunicación e nas TIC
Comisión 4ª, Educación e Cultura



- 33786 (12/POC-005508)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Longueira Castro, Silvia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre os criterios da Xunta de Galicia á hora de financiar as escolas infantís de 0 a 3 anos privadas e as de titularidade municipal, a eventual achega aos concellos de máis recursos nesta materia e as previsións de cambio no modelo de financiamento

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 33789 (12/POC-005509)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 2 máis

Sobre os compromisos que pensa adoptar o Goberno galego verbo da participación pública temperá e da transparencia no proceso de elaboración do Plan sectorial eólico de Galicia

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 33790 (12/POC-005510)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 2 máis

Sobre a posibilidade de lles solicitar o reintegro das axudas ás empresas beneficiarias de subvencións públicas da Xunta de Galicia en determinados supostos de peche empresarial ou deslocalización da súa actividade en Galicia

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 33791 (12/POC-005511)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Méndez López, Lara

Sobre a potencia eólica pendente de autorización na vixente planificación, así como o número de áreas de desenvolvemento eólico con posibilidade de albergar novos parques

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 33792 (12/POC-005512)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 2 máis

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia ante o informe do Defensor del Pueblo relativo á atención sanitaria do centro psiquiátrico La Robleda, do concello do Pino

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 33793 (12/POC-005513)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e López Font, Carlos

Sobre o problema da contaminación da parroquia do Contrasto, no concello do Porriño, por residuos de lindano e as previsións da Xunta de Galicia ao respecto

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 33798 (12/POC-005514)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis



Sobre as previsións do Goberno galego en relación co procedemento de concesión das axudas para vítimas de violencia sexual previstas na Lei orgánica de garantía integral da liberdade sexual e reguladas posteriormente no Real decreto 664/2024, do 9 de xullo
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 33805 (12/POC-005515)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez López, Lara e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto do inicio da tramitación do anteproxecto da futura Lei de Administración local de Galicia, do consenso coa Fegamp para a elaboración do texto e dos seus contidos básicos

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 33808 (12/POC-005516)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 4 máis

Sobre o interese da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia na emisión dos partidos do Club Baloncesto Breogán e as previsións respecto da adquisición dos dereitos de emisión dos seus partidos na Televisión de Galicia

Comisión Permanente non lexislativa de Control da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia

- 33809 (12/POC-005517)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Trenor López, Gonzalo e 9 máis

Sobre as directrices marcadas polo Goberno central para a posta en marcha dun servizo ferroviario de proximidades en Galicia

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 33811 (12/POC-005518)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Trenor López, Gonzalo e 9 máis

Sobre a pretensión do Goberno central de reclamar á Xunta de Galicia compensacións económicas polo corte da liña férrea durante a vaga de incendios de agosto de 2025 na nosa comunidade

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 33813 (12/POC-005519)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre a suspensión dunha proba deportiva programada no encoro das Conchas polo seu nivel de contaminación e as previsións da Xunta de Galicia en canto á evolución do estado das augas

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

Santiago de Compostela, 16 de setembro de 2025

María Elena Candia López

Vicepresidenta 1ª



2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

2.4. Organización e funcionamento do Parlamento

2.4.3. Convocatorias

Sesión plenaria (día 23 de setembro de 2025, ás 10.00 horas)

A Presidencia, de conformidade co disposto no artigo 53 do Regulamento do Parlamento, resolveu convocar o Pleno do Parlamento para realizar unha sesión o próximo día 23 de setembro de 2025, ás 10:00 horas, no pazo do Parlamento.

De acordo coa Xunta de Portavoces e a Mesa, na reunión do día 16 de setembro de 2025, a orde do día da sesión é a seguinte:

Punto preliminar

Prestación de promesa ou xuramento de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia do novo deputado Aitor Bouza Manso

Punto 1. Informes de Fiscalización do sector público de Galicia

Debate do ditame e das propostas de resolución, aprobados na reunión da Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas, en relación cos Informes de fiscalización do sector público de Galicia, contidos na Memoria de actividades do Consello de Contas de 2023, incluídos os informes de fiscalización das contas xerais de 2022 e 2023 (docs. núm. 11005, 12/ICON-000010, 3128 (12/ICON-000006) E 22610 (12/ICON-000016)

Publicación do ditame da Comisión, BOPG 218, do 04.07.2025

Punto 2. Solicitude de creación dunha comisión de investigación, por solicitude das vinte e cinco deputadas e deputados do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a crise social, económica e ambiental provocada pola vaga de lumes de agosto de 2025 e as responsabilidades derivadas da actuación da Xunta de Galicia (32596, 12/SCI-000005)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 250, do 08.09.2025

Punto 3. Texto lexislativo

3.1 Toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. Popular de Galicia, de modificación da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia (doc. núm. 27520, 12/PPL-000009)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 213, do 20.06.2025

Punto 4. Comparecencias

4.1 33965 (12/CPP-000064)

Do conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, por petición propia, para informar sobre as políticas educativas no marco do inicio do curso 2025-2026

Publicación da iniciativa, BOPG nº 256f1, do 17.09.2025



Acumúlase na anterior a seguinte:

4.2 33977 (12/PPP-000065)

Do conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, por petición das vinte e cinco deputadas e deputados do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, para dar conta dos problemas de dotación de persoal docente no inicio do curso escolar, especialmente de profesorado especialista orientado ás necesidades educativas especiais, e das súas demandas laborais e profesionais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 256f1, do 16.09.2025

Punto 5. Mocións

5.1 33874 (12/MOC-000077)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís

Sobre o impacto na biodiversidade e nos espazos naturais protexidos provocado polos lumes forestais acontecidos en Galicia en agosto de 2025 (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 31887, publicada no BOPG núm. 244, do 28 de agosto de 2025, e debatida na sesión plenaria do día 9 de setembro de 2025)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 256f1, do 17.09.2025

5.2 33875 (12/MOC-000078)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Valcárcel Armesto, Montserrat

Sobre a actuación da Xunta de Galicia respecto dos lumes forestais de agosto de 2025, tanto no referido ao aspecto preventivo como ao labor de extinción (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 31883, publicada no BOPG núm. 244, do día 28 de agosto de 2025, e debatida na sesión plenaria do día 9 de setembro de 2025)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 256f1, do 17.09.2025

5.3 33876 (12/MOC-000079)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen

Sobre o desenvolvemento das actividades previstas no Pladiga e a garantía de recursos humanos nos servizos de prevención e extinción de incendios forestais (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 20453, publicada no BOPG núm. 162f1, do 26 de febreiro de 2025, e debatida na sesión plenaria do día 9 de setembro de 2025)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 256f1, do 17.09.2025

Punto 6. Proposicións non de lei

6.1 32604 (12/PPP-002410)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e catorce deputados/as máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central para que acolla os menores solicitantes de asilo, garanta o financiamento e realice unha repartición xusta

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 247f3, do 03.09.2025



6.2 32617 (12/PNP-002412)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e López Font, Carlos

Sobre as medidas de planificación, avaliación e restauración en espazos naturais afectados por incendios, con base científica, participación social e cooperación europea

Publicación da iniciativa, BOPG nº 247f3, do 03.09.2025

6.3 32955 (12/PNP-002426)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Longueira Castro, Silvia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre determinadas accións que o Goberno galego debe levar a cabo en relación coa situación que se presenta cos menores non acompañados que chegan a Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 252f1, do 10.09.2025

6.4 33319 (12/PNP-002454)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Trenor López, Gonzalo e catorce deputados/as máis

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central en relación co impacto da anunciada redución das operacións de Ryanair en Galicia e coa competitividade dos aeroportos galegos

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 252f1, do 10.09.2025

6.5 33475 (12/PNP-002459)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e vinte e catro deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe pór en marcha o Goberno galego co fin de mellorar a atención educativa ao alumnado galego, singularmente a aquel máis vulnerable e con necesidades especiais de apoio educativo

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 252f1, do 10.09.2025

6.6 33494 (12/PNP-002461)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e dezanove deputados/as máis

Sobre as medidas e a postura que debe adoptar a Xunta de Galicia ante o curso das operacións militares de Israel en Gaza

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 252f1, do 10.09.2025

Punto 7. Interpelacións

7.1 26186 (12/INT-001021)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e dous deputados/as máis

Sobre a eficacia do modelo educativo que impulsa a Xunta de Galicia para cumprir os obxectivos da normalización lingüística

Publicación da iniciativa, BOPG nº 203f2, do 28.05.2025



7.2 30398 (12/INT-001130)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Longueira Castro, Silvia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre as medidas para mellorar a situación do Servizo de Axuda no Fogar en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 238f2, do 20.08.2025

7.3 32986 (12/INT-001188)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e Carreira Pazos, Iria

Sobre a planificación por parte da Xunta de Galicia da cobertura sanitaria durante os veráns, nomeadamente a referida ao verán de 2025

Publicación da iniciativa, BOPG nº 252f2, do 10.09.2025

Punto 8. Preguntas para resposta oral do Presidente da Xunta

8.1 33996 (12/POPX-000053)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gómez Besteiro, José Ramón

Sobre a valoración do Goberno galego respecto das prioridades inmediatas da súa acción política

Publicación da iniciativa, BOPG nº 256f2, do 17.09.2025

8.2 33997 (12/POPX-000054)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre as medidas que adoptou o Goberno galego para que nunca máis unha muller perda a vida traballando do Servizo de Axuda no Fogar

Publicación da iniciativa, BOPG nº 256f2, do 17.09.2025

Punto 9. Preguntas ao Goberno

9.1 32643 (12/POP-004752)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Trenor López, Gonzalo e oito deputados/as máis

Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia dos problemas no servizo ferroviario ocasionados por mor da vaga de incendios

Publicación da iniciativa, BOPG nº 247f3, do 03.09.2025

9.2 33998 (12/PUP-000143)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma

Sobre a valoración do Goberno galego respecto da situación actual en Palestina

Publicación da iniciativa, BOPG nº 256f2, do 17.09.2025

9.3 33901 (12/PUP-000138)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Trenor López, Gonzalo e oito deputados/as máis

Sobre a información trasladada polo Goberno central á Xunta de Galicia en relación coa proposta formulada desde a nosa comunidade ao abeiro do Plan social polo clima

Publicación da iniciativa, BOPG nº 256f2, do 17.09.2025



9.4 33240 (12/POP-004816)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e dous deputados/as máis

Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia no que concirne á rehabilitación e ao acondicionamento das infraestruturas do CEIP Torre de Illa, do concello da Illa de Arousa

Publicación da iniciativa, BOPG nº 252f2, do 10.09.2025

9.5 33986 (12/PUP-000142)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna

Sobre o anuncio da Consellería de Política Social e Igualdade da creación de centros específicos para acoller os menores migrantes non acompañados á súa chegada a Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 256f2, do 17.09.2025

9.6 32391 (12/POP-004729)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Longueira Castro, Silvia e dous deputados/as máis

Sobre a previsión da Xunta de Galicia de defender os dereitos das persoas cooperativistas de Xuxán fronte á xestora

Publicación da iniciativa, BOPG nº 247f3, do 03.09.2025

9.7 28876 (12/POP-004221)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e oito deputados/as máis

Sobre o estado en que están as xestións para a construción do novo centro de saúde para o barrio do Sagrado Corazón en Lugo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 227, do 04.08.2025

9.8 28960 (12/POP-004246)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria e tres deputados/as máis

Sobre a previsión do Goberno da Xunta de asumir a tradución ao galego do programa Atenea nun prazo que permita a súa dispoñibilidade na administración da xustiza desde o momento da súa implantación

Publicación da iniciativa, BOPG nº 227, do 04.08.2025

9.9 32820 (12/POP-004767)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Fernández, Secundino e catro deputados/as máis

Sobre os motivos polos que en agosto aínda non se xestionara a biomasa das faixas secundarias nas parroquias con maior risco de incendio forestal

Publicación da iniciativa, BOPG nº 252f2, do 10.09.2025

Santiago de Compostela, 16 de setembro de 2025

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2025 11:13:16
Nº Rexistro: 33904
Data envío: 15/09/2025 11:13:16.251

Asinado o día 15/09/25
11:01
Por José Luis Ferro Iñ

Á Mesa do Parlamento

Gonzalo Trenor López, Carmen María Pomar Tojo, José Luis Ferro Iglesias, Cristina Campero Dorado, María Deza Martínez, Argimiro Marnotes Fernández, Rubén Lorenzo Gómez, Roberto Rodríguez Martínez e Katherinie Varela Fernández, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta urxente para a súa resposta oral en Comisión 2ª Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios**.

O pasado 17 de xullo, con apenas horas de antelación, o Goberno Central decidía unilateralmente desconvocar a Conferencia Sectorial de Medio Ambiente. Foi unha acción sen precedentes, que xera gran preocupación, xa que na orde do día figuraban asuntos de gran calado que, de non aprobarse o antes posible, prexudicarán ás CCAA e, polo tanto, á cidadanía.

Ademais do modelo de xestión do lobo, de impacto directo para o sector gandeiro, tamén hai outros asuntos que xeran inqueda, como é o caso da distribución dos 8M€ de fondos do plan *Pima Cambio Climático*, recursos sen os que as CCAA non poden avanzar no desenvolvemento de accións para a prevención fronte ao risco de inundacións ou para a recuperación tras terse producido os asolagamentos.

A deslealdade do Goberno de España coas CCAA é insólita.

É polo que, dous meses despois da anulación da Conferencia Sectorial, as deputadas e deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

1. Ten a Xunta de Galicia información do Goberno Central sobre cando vai celebrarse a reunión da Conferencia Sectorial de Medio Ambiente desconvocada o pasado mes de xullo?

Santiago de Compostela, 15 de setembro de 2025

Asinado o día 15/09/2025 ás
11:01
Por Carmen Pomar Tojo

Asinado o día 15/09/2025 ás
11:01
Por Gonzalo Trenor López

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Trenor López na data 15/09/2025 11:01:33

Carmen Pomar Tojo na data 15/09/2025 11:01:46

José Luis Ferro Iglesias na data 15/09/2025 11:01:58

Cristina Campero Dorado na data 15/09/2025 11:02:09

María Deza Martínez na data 15/09/2025 11:02:17

Argimiro Marnotes Fernández na data 15/09/2025 11:02:36

Rubén Lorenzo Gómez na data 15/09/2025 11:02:56

Roberto Rodríguez Martínez na data 15/09/2025 11:03:06

Katherinie Varela Fernández na data 15/09/2025 11:03:17



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/09/2025 11:13:17



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2025 11:13:16
Nº Rexistro: 33904
Data envío: 15/09/2025 11:13:16.251

CSV: BOPGDSPG-N5oeQIS4A-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2025 10:43:24
Nº Rexistro: 33281
Data envío: 05/09/2025 10:43:24.994

Asinado o día 05/09/2025
Por Secundino Fernández
Por Fernández

Á Mesa do Parlamento

Ariadna Fernández González, Montserrat Valcárcel Armesto e Secundino Fernández Fernández, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**, sobre os montes conveniados do concello de Agolada.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A vaga de incendios que afectou ao país neste pasado mes de agosto é a clara evidencia de que a xestión do noso territorio e a súa ordenación teñen graves eivas que favorecen este tipo de sucesos no noso rural, cada vez máis afectado polo abandono que a Xunta de Galiza coas súas medidas non é capaz de paliar. Unha das claves a ter en conta e impulsar é a ordenación dos montes galegos, fundamental en termos económicos, ambientais e sociais e que require de atención urxente e investimentos para o seu correcto funcionamento.

Unha parte importante do monte ten como propietarias as Comunidades de Montes Veciñais en Man Común, aproximadamente 650.000 hectáreas, que non deberan ser obxecto unicamente de plantacións forestais ou aproveitamentos de biomasa, se non tamén de actividades gandeiras ou agrícolas que colaboren na fixación de poboación e a xeración de emprego local, por exemplo. Destas, case 300.000Ha son xestionadas pola Xunta de Galiza directamente, con datos que amosan que estes montes baixo convenio teñen unha orientación clara cara o aproveitamento madeireiro e un manexo baixo mínimos e que se evidencia no volume de talas e no estado de coidado dos montes baixo esta forma de xestión.

Asinado o día 05/09/2025 ás
10:42
Por Montserrat Valcárcel Armesto

Asinado o día 05/09/2025 ás
10:41
Por Ariadna Fernández González



Este é o caso, por exemplo, da CMVMC de Basadroa, Outeiro e Ramil, no concello de Agolada, que autoxestiona 350 hectáreas aproximadamente de xeito eficiente e ten, a maiores, unha parte do monte xestionado pola Xunta de Galiza a través dun convenio coa administración.

Este monte conveniado, segundo a propia CMVMC denuncia tras os incendios sufridos en Agolada durante o 2025, ten graves eivas, con atrasos graves na silvicultura que deixa esa parte do terreo nunha situación de descoido absoluto por parte de quen ten a súa responsabilidade, a Xunta de Galiza. Nesta crítica por parte dos propietarios, ponse enriba da mesa a falla de arranxo e desbroce de pistas e cortalumes dende hai alomenos 3 anos, sen respectar os propios compromisos por parte da administración en canto a limpeza e seguridade. Non menos importante é que na anterior convocatoria esta CMVMC quedara fóra das axudas solicitadas e que tiñan como destino a prevención, feito que ocorreu en centos de solicitudes máis ao longo do país por esgotamento de crédito.

Nestes momentos, tras a vaga de incendios que tamén afectou ao concello de Agolada, é preciso poñer todas as ferramentas posibles de prevención para que situacións coma as vividas na aldea do Sexo, pertencente a ese mesmo concello, e onde os veciños e veciñas viviron situacións de tensión e perigo ao seren arrodeados polo lume, non se volvan producir. Estas actuacións e axudas encamiñadas á prevención dependen da vontade da Xunta de Galiza de protexer o territorio e a quen vive nel, e deberan ser mais exemplares no caso dos montes xestionados directamente pola súa parte.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

1. Considera a Consellería de Medio Rural que está xestionando de xeito eficiente e responsable os montes conveniados da CMVMC de Basadroa, Outeiro e Ramil?
2. Cales son os motivos para que os cortalumes e pistas de acceso estean nun total estado de desleixo e pechadas pola matogueira sen que se tomen medidas ao respecto?
3. Cando foi a última vez que se levaron a cabo actuacións de silvicultura preventiva nos montes conveniados da CMVMC de Basadroa, Outeiro e Ramil?
4. Considera a Xunta de Galiza que este modelo de xestión por parte da administración dos montes veciñais en man común ten resultados positivos na actualidade?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 05/09/2025 10:41:56

Montserrat Valcárcel Armesto na data 05/09/2025 10:42:05

Secundino Fernández Fernández na data 05/09/2025 10:42:12



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2025 10:43:24
Nº Rexistro: 33281
Data envío: 05/09/2025 10:43:24.994

CSV: BOPGDSPG-N5oeQIS4A-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/09/2025 10:43:25



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2025 10:43:24
Nº Rexistro: 33281
Data envío: 05/09/2025 10:43:24.994

CSV: BOPGDSPG-N5oeQIS4A-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2025 11:51:52
Nº Rexistro: 33311
Data envío: 05/09/2025 11:51:52.521

Á MESA DO PARLAMENTO

María Carmen Rodríguez Dacosta e Lara Méndez López, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 7ª**.

Este verán os incendios asolaron Galicia. Trala vaga de lumes, o presidente da Xunta de Galicia convocou unha reunión cos alcaldes e alcaidesas dos concellos afectados. Porén, o encontro quedou reducido a unha exposición unilateral por parte do Goberno galego, sen dar espazo a un diálogo político real, e coa sorprendente afirmación do presidente de que “non era unha reunión para falar de política”.

O Grupo Parlamentario Socialista considera esta postura profundamente equivocada. Os incendios forestais non son un accidente illado nin unha cuestión meramente técnica: son un problema estrutural que require decisións políticas de planificación, prevención, coordinación interinstitucional e apoio integral ás zonas afectadas. Negar o debate político equivale a renunciar a afrontar as causas de fondo dos lumes: o abandono do rural, a ausencia dun plan serio de prevención, a falta de recursos suficientes e a inexistencia dunha estratexia clara para a recuperación do territorio queimado.

As axudas anunciadas polo Goberno galego, aínda que necesarias, son consideradas insuficientes, carecen de concreción en prazos e procedementos e preséntanse sen un plan integral que permita reconstruír o territorio de maneira ordenada e sostible. Ademais, as cantidades destinadas aos concellos (entre 20.000 e 40.000 euros) resultan claramente insuficientes para cubrir os danos ocasionados en infraestruturas públicas, camiños, áreas recreativas e edificacións municipais, e o feito de seren de concorrencia competitiva introduce incerteza e desigualdade entre concellos igualmente afectados.

Asinado o día 05/09/2025 ás
11:49
Por Lara Méndez López

Asinado o día 05/09/2025 ás
11:49
Por Carmen Rodríguez Dacosta

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

115968

28071 Madrid

CSV: BOPGDSPG-N5oeQIS4A-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2025 11:51:52
Nº Rexistro: 33311
Data envío: 05/09/2025 11:51:52.521

Por todo isto, é necesario abrir un proceso real de diálogo coas entidades locais, articulado a través de mesas de traballo e decisións consensuadas, e garantir un proxecto estratéxico de recuperación que vaia máis alá dos parches e das comparecencias futuras.

Por iso, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Considera o Goberno galego que se pode facer fronte á xestión dos incendios forestais e á recuperación das zonas afectadas sen decisións políticas claras nin un diálogo real cos concellos que son quen sofren en primeira liña as consecuencias desta traxedia?
2. Vai a Xunta de Galicia abrir mesas de traballo permanentes cos concellos e deputacións para planificar conxuntamente a prevención, extinción e recuperación trala vaga de lumes?
3. Que medidas concretas pensa adoptar o Goberno galego para afrontar as causas estruturais dos incendios, como o abandono do rural?
4. Ten previsto o Goberno galego establecer un plan estratéxico de recuperación ambiental, social e económica das zonas afectadas polos incendios?

Parlamento de Galicia, 5 de setembro de 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

115969

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 05/09/2025 11:49:21

Lara Méndez López na data 05/09/2025 11:49:30



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2025 11:51:52
Nº Rexistro: 33311
Data envío: 05/09/2025 11:51:52.521

CSV: BOPGDSPG-N5oeQIS4A-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/09/2025 11:51:53



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2025 11:51:52
Nº Rexistro: 33311
Data envío: 05/09/2025 11:51:52.521

CSV: BOPGDSPG-N5oeQIS4A-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

Cristina Sanz Arias, Julio García Comesaña, Gonzalo Trenor López, Noelia Pérez López, Juan Casares Gándara, Miguel Fidalgo Iglesias, Patricia García González, Alberto Pazos Couñago e Manuel Santos Costa deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta oral en Comisión 3ª Economía, Facenda e Orzamentos**.

Coa aprobación da condonación da débeda por parte do Consello de Ministros, o Goberno que preside Pedro Sánchez pretende que todas as comunidades autónomas paguen os compromisos que adquiriu de xeito unilateral cos seus socios independentistas.

Desde Galicia rexeitamos esta medida polo seu impacto negativo para os intereses dos galegos xa que logo non estamos a falar dunha verdadeira condonación de débeda senón dunha mutualización.

Así todos os españois e españolas, os galegos e galegas tamén, pagarán a débeda catalá, unha das comunidades máis incumpridoras. As comunidades con menos débeda como Galicia son as que temos que asumir maior cantidade da débeda mutualizada.

Ademais, lonxe do que pretenden facernos crer os grupos políticos da oposición en Galicia, esta quita trampa non implica maior capacidade de gasto por ser unha operación exclusivamente financeira. O que se aforra en débeda non se pode destinar a investimento.

En definitiva, para Galicia esta decisión é un negocio ruinoso, xa que se lle condonan 4.010 millóns de euros (un 4,8% do total), pero tería que asumir ademais uns 600 millóns de débeda procedente doutras comunidades autónomas, cos seus correspondentes intereses.

O resultado é bastante claro: A cada galego se lle reduce a débeda autonómica en 1.477€ pero pasa a asumir da débeda estatal 1.702 euros, é dicir, cada galego endebedase en 225€ máis.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan as seguintes preguntas orais:





- Que valoración fai o Goberno galego da decisión do Consello de Ministro de mutualizar parte da débeda das comunidades autónomas?
- Que vías prevé impulsar a Xunta de Galicia galego para a defensa dos intereses das galegas e galegos diante desta quita trampa?

Santiago de Compostela, 5 de setembro 2025.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Asinado dixitalmente por:

Cristina Sanz Arias na data 05/09/2025 12:14:19

Julio García Comesaña na data 05/09/2025 12:14:39

Gonzalo Trenor López na data 05/09/2025 12:14:58

Noelia Pérez López na data 05/09/2025 12:15:06

Juan Manuel Casares Gándara na data 05/09/2025 12:15:19

Miguel Fidalgo Iglesias na data 05/09/2025 12:15:30

Patricia García González na data 05/09/2025 12:15:41,05/09/2025 12:15:51

Alberto Pazos Couñago na data 05/09/2025 12:16:06

Manuel Santos Costa na data 05/09/2025 12:16:20



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/09/2025 12:23:36



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2025 12:23:35
Nº Rexistro: 33315
Data envío: 05/09/2025 12:23:35.591

CSV: BOPGDSPG-N5oeQIS4A-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Secundino Fernández Fernández e Montserrat Valcárcel Armesto, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª** sobre a tramitación do Polígono Agroforestal de San Miguel (Valga).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) está a desenvolver o Polígono Agroforestal de San Miguel de Valga, con data de acordo de inicio o 20.7.2023 (DOG do 10 de agosto de 2023). No mes de outubro de 2023 publicouse a declaración de utilidade pública e interese social, por medio do Decreto 132/2023 do 14 de setembro (DOG do 3 de outubro de 2023). Este proxecto ten unha superficie de 29,57 ha divididas en 377 parcelas e segundo informacións difundidas polo concello de Valga estaría destinado a viñedo.

Na comisión informativa que tivo lugar no parlamento o 13 de xuño de 2025 a directora da AGADER afirmou que se presentaron un total de 36 alegacións por parte de propietarios de parcelas afectadas polo Polígono Agroforestal. Mais esta afirmación é incorrecta xa que en realidade presentáronse máis de 300 sinaturas, das cales 68 pertencen a propietarios de parcelas incluídas no perímetro do Polígono.

Tendo en conta que o número total de propietarios afectados é de 107, isto supón que un 63,5% das persoas titulares manifestaron a súa oposición ao proxecto, o que resulta relevante aos efectos do previsto no punto 1 do artigo 68 da lei 11/2021



de recuperación da terra agraria, que establece que “será necesario contar co acordo das persoas titulares da superficie que represente, como mínimo, o 70% das terras incluídas no perímetro proposto para o polígono agroforestal”.

A tramitación deste proxecto fíxose con total ocultación e falta de transparencia, xa que a primeira noticia que tivo a veciñanza foi nun acto informativo que tivo lugar o 10 de novembro de 2023, meses despois de publicarse o acordo de inicio.

A directora de AGADER afirmou na citada comisión que se celebraron reunións coa veciñanza os días 8 de abril de 2022 e 28 de novembro de 2022. Nesas xuntanzas participaron representantes da Xunta, representantes do Concello de Valga, o presidente da comunidade de montes e tres veciños. Non houbo por tanto unha información directa á veciñanza: non se informou publicamente da súa realización e non se deu conta dos temas tratados.

En relación coa reunión do 10 de novembro de 2023, esta foi convocada polo Concello de Valga e nela non se deu información clara sobre este tipo de polígonos. Pola contra, deuse unha información confusa xa que se asimilou o polígono a unha concentración parcelaria cando son figuras moi diferentes.

En canto á afirmación da directora da AGADER de que 43 veciños e veciñas manifestaron estar dacordo co proxecto, esta información é tamén incorrecta. En ningún momento se realizou unha votación formal polo que é imposible que se acredite cal foi o parecer das persoas asistentes á xuntanza.

A realidade é que na parroquia de San Miguel de Valga existe unha grande preocupación por un proxecto que non responde ás necesidades reais da poboación local e non se adapta ao contexto socioeconómico e agrario da parroquia.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polo anteriormente exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

Por que motivo a directora de AGADER deu unha información distorsionada en sede parlamentar sobre a tramitación do Polígono Agroforestal de Valga, as reunións coa veciñanza e as alegacións presentadas?

Que intereses alleos á parroquia están detrás deste proxecto?

Ten previsto a Xunta proseguir coa tramitación do Polígono Agroforestal de San Miguel (Valga) logo de que unha boa parte da veciñanza da zona e titulares dos terreos afectados manifestase a súa oposición ao proxecto?

Santiago de Compostela, 5 de setembro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 05/09/2025 16:53:49

Montserrat Valcárcel Armesto na data 05/09/2025 16:54:01

Secundino Fernández Fernández na data 05/09/2025 16:54:11



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/09/2025 16:55:20



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2025 16:55:17
Nº Rexistro: 33334
Data envío: 05/09/2025 16:55:17.116

CSV: BOPGDSPG-N5oeQIS4A-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Oscar Insua Lema e Paulo Ríos Santomé, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre a necesidade de incorporar na rede de transporte público novas rutas directas e máis rápidas de Muxía á Santiago de Compostela e á Coruña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

De todos é sabido que o único transporte público para mobilizar un alto número persoas na Costa da Morte é o autobús. É o único medio que ten a maioría dos veciños e veciñas que non teñen vehículo particular para desprazarse entre as distintas localidades da comarca e entre estas e as cidades máis próximas, A Coruña e Santiago de Compostela. Seguimos a espera de que os gobernos de Galiza e do Estado español comecen a realizar os estudos pertinentes para implantar o ferrocarril como transporte público na Costa da Morte.

Non hai moito que a Xunta de Galiza reformulou as rutas e horarios do servizo de transporte público de autobuses, co fin de optimizar e mellorar este servizo, mais non foi o caso de Muxía, quedando relegada a ter un peor servizo de conexións coas cidades da provincia. As distancias de Muxía a Santiago e á Coruña son de 73 e 94 quilómetros, respectivamente, e o tempo destes percorridos nun vehículo particular son de 1 hora a Santiago de Compostela e de 1 hora e 10 minutos á Coruña. Sen embargo, as rutas e horarios publicadas polas empresas adxudicatarias e encargada de levar a cabo estas rutas de transporte de viaxeiros están moi lonxe do que os veciños e veciñas da comarca demandan, que non é outra cousa que aló menos a existencia de rutas diarias e máis directas a estas cidades.

Asinado o día 08/09/2025 ás
09:32
Por Paulo Ríos Santomé

Asinado o día 08/09/2025 ás
09:32
Por Oscar Insua Lema





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O traxecto entre Muxía e A Coruña foi adxudicado á empresa Arriva e só ofrece unha viaxe de 32 paradas de luns a venres ás 6 da mañá e outra de volta ás 15.00 horas con máis de 30 paradas que duran entre 2 horas e 2 horas e media, viaxe que percorre Camariñas, Laxe, Ponteceso e chega ata Buño. O sábado este único traxecto que existe chega a ir ata Malpica, ten 47 paradas e dura 3 horas a viaxe, converténdose nun auténtico tour turístico. No caso dos domingos, só ofrecen 2 viaxes de ida e dúas de volta, pero cos mesmos itinerarios e paradas que o sábado.

A conexión entre Muxía e Santiago foi adxudicado á empresa Monbus, e ofrece 3 viaxes de luns a domingo, dúas delas duran 1 hora e 45 minutos con máis de 30 paradas, e a outra 3 horas, dado que antes de levarche a Santiago, lévanche a Fisterra, non fora a ser que un se esquecera de coñecer a fin da terra.

De todos é coñecido, que especialmente nos meses de verán, coa chegada masiva de peregrinos tanto a Fisterra como a Muxía, a demanda se incrementa, reducíndose o número de prazas dispoñibles para a veciñanza, ao que se lle suma o ter que soportar os tempos excesivos de viaxe anteriormente descritos. Hai tempo que en Muxía se vén demandando o establecemento de rutas máis directas coa capital galega, polo que é preciso que alo menos exista un traxecto diario de ida e volta máis directo, con menos paradas e cunha duración máis curta. É necesario mellorar estas conexións, en tempo e distancia, pois non é posible que unha persoa que queira ir ao aeroporto, precise case catro horas no peor dos casos, si opta por unha das rutas do autobús dende Muxía.

O novo mapa de rutas e os seus horarios dende logo que impiden o asentamento permanente de poboación en Muxía, e na costa da morte en xeral, pois é difícil que unha persoa que teña o seu traballo en Coruña ou en Santiago de Compostela poida empadronarse e vivir en Muxía e chegar a tempo ao seu traballo se escollese o autobús como transporte público, que por desgraza é o único que temos. Un mapa de rutas, o de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Muxía, que non serve para impulsar a súa demografía, por razóns coma a anterior, e iso que o artigo 81 da lei 5/2021 de impulso demográfico de Galiza, establece que “A Administración autonómica articulará unha rede de transportes e comunicacións que garanta a mobilidade e a conexión, preferentemente diaria, da poboación e permita o pleno desenvolvemento da vida persoal, familiar e profesional en todo o territorio galego. Neste sentido, procurarase o establecemento de liñas de transporte regular ou á demanda entre o medio rural e costeiro non urbano e o urbano, así como o aumento do número e das posibilidades de solicitude e acceso de transportes adaptados”.

É evidente que calquera veciño ou veciña que queira acudir a unha cita médica á Coruña ás 9 da mañá non pode utilizar o transporte público, e por desgraza son moitas as veces que isto ocorre, ao ter que ir á citas médicas con especialistas que só atenden consultas no hospital da Coruña, e non no de Cee. Tamén existen moitos estudantes universitarios de Muxía que utilizan este único transporte público para ir tanto a Coruña como a Santiago, e non se lles está a ofrecer uns horarios acordes aos seus, polo que sería adecuado establecer horarios de volta os venres á última hora do día, e os domingos viaxes de ida tamén á última hora da tarde coas menos paradas posibles.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

- Vai a Consellería incorporar na rede de transporte público novas rutas directas e máis rápidas de Muxía á Santiago de Compostela e á Coruña?
- Considera o goberno galego que é aceptable que entre Muxía e Santiago de Compostela o traxecto en autobús dure ata tres horas? Cree que se está ofrecendo á cidadanía un bo servizo nestas rutas e con estes horarios?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Sendo o autobús a única alternativa de transporte colectivo na costa da morte, non debera o goberno galego poñer máis empeño en mellorar este servizo e as conexións coas cidades?

- Non chegando a 100 kms a distancia por estrada entre Muxía e Santiago ou Coruña, considera a Consellería que unha persoa que quere ir ao aeroporto da capital galega pode tardar ata catro horas, nalgún dos casos, para chegar a el dende a nosa comarca?

- Cree que este servizo pésimo polos seus percorridos e horarios para os veciños e veciñas da costa da morte con Santiago de Compostela é a mellor forma de vender a comarca aos viaxeir@s e peregrin@s que nos visitan?

- Sabe a Consellería a opinión que lle merece este servizo as asociacións de empresarios relacionados co turismo na comarca? Tivo algunha demanda deste sector?

-Vai actualizar a consellería as rutas e horarios de autobuses entre as localidades da Costa da morte?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Óscar Insua Lema na data 08/09/2025 9:32:36

Paulo Ríos Santomé na data 08/09/2025 9:32:45



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/09/2025 09:34:23
Nº Rexistro: 33388
Data envío: 08/09/2025 09:34:23.696

CSV: BOPGDSPG-N5oeQIS4A-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 08/09/2025 9:34:24



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/09/2025 09:34:23
Nº Rexistro: 33388
Data envío: 08/09/2025 09:34:23.696

CSV: BOPGDSPG-N5oeQIS4A-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Suárez Fernández e Mercedes Queixas Zas, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a situación da Capela de Guadalupe (O Saviñao) e o seu alarmante estado de conservación.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A parroquia de San Vitorio de Ribas de Miño, pertencente ao concello do Saviñao, contén un elemento singular de altísimo valor que é unha xoia e un motivo de orgullo para toda a Ribeira Sacra. Trátase da Capela de Guadalupe, recollida como un dos bens inmóbeis incluídos no expediente de catalogación da Ribeira Sacra como Ben de Interese Cultural (BIC). Edificada no século XVIII, a Capela de Guadalupe conta cunha singularidade arquitectónica e cunha localización privilexiada que fan dela un elemento único. Conta con vistas panorámicas sobre o río Miño e no seu interior pódense ver elementos doados por parte da veciñanza como os bancos ou o altar.

Porén, o mantemento desta construción tan importante para todos os concellos e freguesías que conforman a Ribeira Sacra brilla pola súa ausencia. Actualmente poden verse danos importantes nalgunhas paredes da capela así como vexetación que medra en certos puntos próximos ao tellado. De todos os modos, a actuación que require de máis urxencia é o arranxo do propio tellado xa que, tal e como denuncian os veciños e veciñas, hai un número importante de goteiras os días de chuvia.

Asinado o día 08/09/2025 ás
17:54
Por Mercedes Queixas Zas

Asinado o día 08/09/2025 ás
17:53
Por Iago Suárez Fernández





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O Grupo Parlamentar do BNG ten coñecemento de que os últimos arranxos que tivo a edificación correron a cargo da veciñanza, a cal se nega a deixar no abandono un compoñente tan importante do seu orgullo colectivo. É por iso que reclamamos que as administracións competentes actúen, que fagan o seu traballo e que defendan o riquísimo patrimonio arquitectónico con que conta o país galego.

Apelamos por tanto ao Concello do Saviñao así como á Xunta de Galiza a que, sen escusas, comecen canto antes os traballos de rehabilitación da Capela de Guadalupe na freguesía de San Vitorio. Cremos que de pouco vale defender unha candidatura a Patrimonio da Humanidade se se deixan no abandono os elementos que fan da Ribeira Sacra un territorio verdadeiramente singular en Galiza e no mundo.

Por todo o exposto anteriormente fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

- Que opinión lle merece á Xunta de Galiza a actual situación da Capela de Guadalupe, no concello do Saviñao.

- Por que non fixo nada até agora o Goberno galego para defender esta edificación?

- Preocúpalle á Xunta e á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural o estado da capela?

- Que resposta dá o Goberno galego á veciñanza que reclama a rehabilitación da construción?

- Ten interese realmente a Xunta de Galiza en salvagardar o patrimonio arquitectónico da Ribeira Sacra?





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Pensa a Xunta que pode defender con seriedade unha candidatura da Ribeira Sacra a Patrimonio da Humanidade mentres non actúa en situacións como a da Capela de Guadalupe?

Santiago de Compostela, 8 de setembro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Iago Suárez Fernández na data 08/09/2025 17:53:56

Mercedes Queixas Zas na data 08/09/2025 17:54:05



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/09/2025 17:56:24
Nº Rexistro: 33503
Data envío: 08/09/2025 17:56:24.888

CSV: BOPGDSPG-N5oeQIS4A-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 08/09/2025 17:56:25



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/09/2025 17:56:24
Nº Rexistro: 33503
Data envío: 08/09/2025 17:56:24.888

CSV: BOPGDSPG-N5oeQIS4A-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ariadna Fernández González e Olalla Rodil Fernández, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, relativa á residencia de maiores e centro de día de Dozón.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A residencia e centro de día cuxa construción está comezando en Dozón, onde existe un grave envellecemento poboacional e onde a crise demográfica que está a baleirar o territorio da comarca do Deza é aínda máis intensa neste concello, fornecerá de 58 prazas de residencia e 20 prazas de centro de día ao territorio en cuestión.

A Xunta de Galiza achega 1.500.000 millóns de euros procedentes de fondos europeos Next Generation do mecanismo de recuperación e resiliencia para a construción destas instalacións en Dozón, a través dun acordo firmado en 2022 entre o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e a FEGAMP. É nese acordo onde se priorizan estes proxectos en concellos de menos de 20.000 habitantes, cunha maior puntuación naqueles de menor tamaño, de xeito que tras a presentación de propostas e a avaliación e selección destas, Dozón resultou escollido para realizar o investimento.

Posteriormente o propio concello elixiu, coma así se daba opción no acordo e reafirmaba a Xunta de Galiza alegando para iso actuar conforme ao principio de autonomía local, a modalidade de xestión, que neste caso é a indirecta. Deste xeito chegouse a un acordo plenario no concello para a adxudicación a COVIASSTEC S.L.

Asinado o día 08/09/2025 ás
18:26
Por Olalla Rodil Fernández

Asinado o día 08/09/2025 ás
18:26
Por Ariadna Fernández González





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

para a redacción, execución e construción, equipamento e posterior explotación da residencia e centro de día, cunha concesión de como máximo 40 anos e un prazo de execución que remata en maio do 2026.

Nese mesmo acordo entre o Consorcio e a FEGAMP ponse de manifesto a prioridade no feito de que as persoas usuarias destes centros sexan do entorno municipal ou comarcal, de xeito que estes concellos rurais poidan beneficiarse da súa creación e teñan a capacidade de dotarse destes equipamentos. Sobre esta parte do acordo do 2022, vimos de coñecer as discrepancias existentes entre o compromiso que a Xunta de Galiza tiña con Dozón nun principio e o que o propio rexedor local transmitiu recentemente no pleno municipal coma así quedou recollido en acta. Mentres ao comezo do proceso, nos anuncios sobre a construción desta infraestrutura, se falaba da reserva de prazas para usuarios do propio concello e a comarca, moi envellecida e con falla destes recursos, na actualidade o alcalde nega que exista esa posibilidade de reserva. Así, os habitantes do concello de Dozón non resultarán máis beneficiados que o resto dos usuarios galegos coa construción da residencia, que non terá un efecto directo coma se nos trasladou no seu momento sobre a veciñanza da comarca do Deza- Tabeirós e Terra de Montes nin sobre o propio concello onde se situará a infraestrutura.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

1. Vai haber reserva de prazas na futura residencia e centro de día de Dozón para os habitantes dese concello e da súa comarca cumprindo o acordo entre a FEGAMP e o Consorcio Galego de Igualdade e Benestar?





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. A que se debe o cambio de criterio que o rexedor local dou a coñecer nun pleno recente sobre este caso e que contradí o que se trasladou á oposición e a poboación nun principio?

3. Responde este cambio de criterio e incumprimento do acordo entre a FEGAMP e o Consorcio Galego de Igualdade e Benestar a intereses ou condicións da empresa adxudicataria da obra e a posterior explotación do servizo?

Santiago de Compostela, 8 de setembro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 08/09/2025 18:26:22

Olalla Rodil Fernández na data 08/09/2025 18:26:36



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/09/2025 18:29:08
Nº Rexistro: 33527
Data envío: 08/09/2025 18:29:08,536

CSV: BOPGDSPG-N5oeQIS4A-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 08/09/2025 18:29:09



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/09/2025 18:29:08
Nº Rexistro: 33527
Data envío: 08/09/2025 18:29:08,536

CSV: BOPGDSPG-N5oeQIS4A-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2025 10:57:42
Nº Rexistro: 33533
Data envío: 09/09/2025 10:57:42.290

Asinado o día 09/09/2025
10:55
Por Raquel Arias Rodríguez

Á Mesa do Parlamento

Noelia Pérez López, Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Víctor Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Ethel Vázquez Mourelle e Magdalena Pérez Millares, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Galicia presenta actualmente un escenario moi positivo no mercado laboral. Tendo en conta os últimos datos que coñecemos, os do mes de agosto, a taxa de desemprego en Galicia acadou o nivel máis baixo para un mes de agosto desde 1996, con 109.691 persoas desempregadas, e cunha evolución anual do paro que descendeu un 7,57 %, case dous puntos por riba da media estatal (-5,66 %).

Ademais, Galicia lidera a caída do desemprego en termos relativos en todo o Estado, e o número de afiliacións á Seguridade Social acada máximos históricos.

Con todo, a pesar destes datos alentadores, o desemprego aínda afecta a un número significativo de persoas no noso territorio, e existen retos importantes para garantir unha inserción laboral estable e de calidade, especialmente para os colectivos máis vulnerables.

Neste contexto, a formación para o emprego convértese nunha ferramenta fundamental para continuar mellorando a empregabilidade e adaptar as competencias ás necesidades reais do mercado laboral galego. Por iso, a Xunta de Galicia abriu o prazo de solicitudes para as novas Accións Formativas para persoas desempregadas (AFD), cun orzamento de 50 millóns de euros, que supoñen un paso adiante na consolidación dun modelo formativo máis dinámico, flexible e orientado á realidade produtiva das empresas galegas.

Asinado o día 09/09/2025 ás 10:55
Por María Encarnación Amigo Díaz

Asinado o día 09/09/2025 ás 10:54
Por Noelia Pérez López

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





É imprescindible coñecer como se está a garantir a adecuación destas accións formativas á demanda real das empresas e o seu impacto na inserción laboral das persoas beneficiarias, así como o compromiso da Administración para seguir avanzando nun modelo formativo efectivo que axude a reducir aínda máis o desemprego e a aumentar a calidade do emprego en Galicia.

Por todo isto, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

- 1.- Que valoración fai a Xunta de Galicia da convocatoria das novas Accións Formativas para persoas desempregadas e a súa capacidade para responder ás necesidades do mercado laboral galego?
- 2.- Que mecanismos se están a implementar para asegurar que a oferta formativa se adapte á realidade produtiva e favoreza a inserción laboral efectiva do alumnado?
- 3.- Que criterios se aplican para garantir a participación das persoas desempregadas máis vulnerables e con maiores dificultades de acceso ao emprego nas accións formativas?

Santiago de Compostela, 9 de setembro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Noelia Pérez López na data 09/09/2025 10:54:55
María Encarnación Amigo Díaz na data 09/09/2025 10:55:16
Raquel Arias Rodríguez na data 09/09/2025 10:55:38
Víctor Baladrón Lamas na data 09/09/2025 10:55:58
Nicole Grueira Fernández na data 09/09/2025 10:56:16
Dolores Hermelo Piñeiro na data 09/09/2025 10:56:28
Argimiro Marnotes Fernández na data 09/09/2025 10:56:48
Ethel Vázquez Mourelle na data 09/09/2025 10:56:58
Maria Magdalena Perez Millares na data 09/09/2025 10:57:06



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/09/2025 10:57:43



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2025 10:57:42
Nº Rexistro: 33533
Data envío: 09/09/2025 10:57:42.290

CSV: BOPGDSPG-N5oeQIS4A-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2025 11:04:56
Nº Rexistro: 33535
Data envío: 09/09/2025 11:04:56,671

Asinado o día 09/09/2025
11:03
Por Raquel Arias Rodríguez

Á Mesa do Parlamento

Noelia Pérez López, Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Víctor Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Ethel Vázquez Mourelle e Magdalena Pérez Millares, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego.

As persoas traballadoras autónomas son unha peza fundamental do tecido económico e social de Galicia. Unha de cada cinco persoas ocupadas figura inscrita no Réxime Especial do Traballo Autónomo, o que representa preto do 20 % do total da poboación ocupada.

Xogan un papel insubstituíble na dinamización do rural, onde moitas veces son o único sostén da actividade económica. Son profesionais que, con esforzo e dedicación, manteñen vivo o emprego, dinamizan a economía local e contribúen ao equilibrio territorial.

Malia esta importancia, o colectivo de persoas autónomas enfróntase a numerosos obstáculos que dificultan a súa viabilidade e o seu crecemento.

Entre os principais desafíos cómpre destacar a incerteza económica, marcada pola inflación, o encarecemento das materias primas e os constantes cambios no contexto normativo e fiscal, que dificultan a planificación a medio e longo prazo e obrigan a moitos autónomos a traballar nunha situación de constante risco. A isto súmase o incremento dos custos fixos, que están tensionando a rendibilidade de moitos negocios que ademais ven limitada a súa capacidade para repercutir eses aumentos nos prezos finais.

Tamén debemos ter en conta as dificultades para conciliar a vida profesional e persoal, especialmente no caso das mulleres autónomas, ou a presión fiscal e a burocracia, que constitúen outra carga engadida obrigándoos a restarlle tempo e recursos á actividade produtiva.

Asinado o día 09/09/2025 ás 11:03
Por María Encarnación Amigo Díaz

Asinado o día 09/09/2025 ás 11:03
Por Noelia Pérez López

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Por todo isto, é imprescindible que os diferentes gobernos, en todos os niveis institucionais, prioricen actuacións específicas de apoio ao colectivo autónomo, que co seu esforzo diario sostén unha parte fundamental da economía galega e tamén española. Non abonda con recoñecer a súa importancia: cómpre actuar con políticas útiles que faciliten o mantemento da actividade, a creación de emprego e a conciliación da vida persoal e profesional.

Neste senso, e buscando dar resposta ás necesidades actuais do sector para que poidan seguir xerando valor en Galicia, o Goberno galego ten adoptado nos últimos anos diversas medidas e puxo en marcha liñas de axuda dirixidas a fomentar o autoemprego, mellorar a competitividade, facilitar a contratación ou apoiar a conciliación.

Por todo isto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Cales son as principais liñas de axuda que o Goberno galego ten actualmente en marcha para apoiar ás persoas traballadoras autónomas, e que obxectivos persegue cada unha delas?

Santiago de Compostela, 9 de setembro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Noelia Pérez López na data 09/09/2025 11:03:02
María Encarnación Amigo Díaz na data 09/09/2025 11:03:14
Raquel Arias Rodríguez na data 09/09/2025 11:03:26
Víctor Baladrón Lamas na data 09/09/2025 11:03:43
Nicole Grueira Fernández na data 09/09/2025 11:03:56
Dolores Hermelo Piñeiro na data 09/09/2025 11:04:04
Argimiro Marnotes Fernández na data 09/09/2025 11:04:17
Ethel Vázquez Mourelle na data 09/09/2025 11:04:28
Maria Magdalena Perez Millares na data 09/09/2025 11:04:37



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/09/2025 11:04:57



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2025 11:04:56
Nº Rexistro: 33535
Data envío: 09/09/2025 11:04:56.671

CSV: BOPGDSPG-N5oeQIS4A-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

Patricia García González, María Deza Martínez, Jesús Fernández Rosende, Miguel Fidalgo Iglesias, Dolores Hermelo Piñeiro, Paula Mouzo Mas, Magdalena Pérez Millares, Raúl Santamaría González e Manuel Santos Costa, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo.**

A frota do cerco galega leva semanas denunciando a contradición entre a abundancia de sardiña e bocarte nas augas de Galicia e a imposibilidade de pescarlos por mor da distribución de cotas establecida polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación. Desde o 18 de agosto, o bocarte está prohibido para os cerqueiros galegos, asturianos e cántabros ao sur de Fisterra, pese a que a súa presenza é elevada e as capturas serían sustentables segundo os informes científicos.

Esta situación provoca graves perdas económicas, ineficiencias na xestión dos recursos e unha sensación de discriminación respecto doutras frotas que si poden acceder a estas pesqueiras mediante intercambios de cota. Ademais, Galicia representa a principal frota do cerco do Estado e debería contar cunha maior capacidade de decisión sobre a xestión destes recursos estratéxicos para o sector, os portos e as industrias transformadoras.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que medidas ten previsto adoptar a Xunta de Galicia diante da prohibición que desde o 18 de agosto impide á frota galega do cerco capturar bocarte ao sur de Fisterra, a pesar da súa abundancia nas augas galegas e do prexuízo económico que isto supón para o sector?

Santiago de Compostela, 9 de setembro de 2025

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2025 11:25:18
Nº Rexistro: 33539
Data envío: 09/09/2025 11:25:18.636

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-N5oeQIS4A-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Patricia García González na data 09/09/2025 11:23:11
María Deza Martínez na data 09/09/2025 11:23:22
Jesús María Fernández Rosende na data 09/09/2025 11:23:39
Miguel Fidalgo Iglesias na data 09/09/2025 11:23:51
Dolores Hermelo Piñeiro na data 09/09/2025 11:24:03
Paula Mouzo Mas na data 09/09/2025 11:24:18
María Magdalena Perez Millares na data 09/09/2025 11:24:27
Raúl Santamaría González na data 09/09/2025 11:24:38
Manuel Santos Costa na data 09/09/2025 11:25:01



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/09/2025 11:25:19



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2025 11:25:18
Nº Rexistro: 33539
Data envío: 09/09/2025 11:25:18.636

CSV: BOPGDSPG-N5oeQIS4A-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

Patricia García González, María Deza Martínez, Jesús Fernández Rosende, Miguel Fidalgo Iglesias, Dolores Hermelo Piñeiro, Paula Mouzo Mas, Magdalena Pérez Millares, Raúl Santamaría González e Manuel Santos Costa, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo.**

A frota galega de arrastre que faena no caladoiro das Malvinas está a sufrir as consecuencias dunha menor dispoñibilidade de calamar loligo, recurso clave para a súa actividade e tamén para o equilibrio ecolóxico da zona.

Segundo os investigadores do Instituto de Investigacións Mariñas (IIM-CSIC), esta escaseza pode estar directamente relacionada coa sobrepesca en augas internacionais próximas, onde operan milleiros de buques de países terceiros, especialmente asiáticos, que capturan pota sen ningún tipo de control nin mecanismos de xestión internacional efectivos.

Esta actividade non regulada prexudica á frota galega, á economía vinculada ao porto de Vigo e tamén á sustentabilidade dun ecosistema mariño de enorme valor estratéxico. Galicia non pode permanecer allea a esta realidade, que require unha posición firme da Xunta e unha presión constante diante do Estado e das institucións comunitarias para esixir acordos internacionais de xestión pesqueira.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:





Que actuacións está levando a cabo a Xunta de Galicia para que o Goberno de España e a Comisión Europea interveñan fronte á sobrepesca sen control en augas internacionais do Atlántico Sur, que está a reducir a dispoñibilidade de calamar nas Malvinas e prexudicando directamente á frota galega que opera dende Vigo?

Santiago de Compostela, 9 de setembro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Patricia García González na data 09/09/2025 11:39:15
María Deza Martínez na data 09/09/2025 11:39:27
Jesús María Fernández Rosende na data 09/09/2025 11:39:40
Miguel Fidalgo Iglesias na data 09/09/2025 11:39:51
Dolores Hermelo Piñeiro na data 09/09/2025 11:40:00
Paula Mouzo Mas na data 09/09/2025 11:40:12
María Magdalena Perez Millares na data 09/09/2025 11:40:20
Raúl Santamaría González na data 09/09/2025 11:40:33
Manuel Santos Costa na data 09/09/2025 11:40:52



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/09/2025 11:41:10



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2025 11:41:09
Nº Rexistro: 33543
Data envío: 09/09/2025 11:41:09.580

CSV: BOPGDSPG-N5oeQIS4A-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

Patricia García González, María Deza Martínez, Jesús Fernández Rosende, Miguel Fidalgo Iglesias, Dolores Hermelo Piñeiro, Paula Mouzo Mas, Magdalena Pérez Millares, Raúl Santamaría González e Manuel Santos Costa, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo.**

O réxime especial do mar contempla coeficientes redutores da idade de xubilación en recoñecemento á penosidade e perigosidade do traballo mariñeiro. Sen embargo, a actual interpretación que fai o Instituto Social da Mariña (ISM) e a Secretaría Xeral de Pesca establece diferenzas inxustificadas entre buques conxeladores que operan en condicións semellantes, provocando que centos de mariñeiros galegos vexan atrasada a súa xubilación.

Segundo as organizacións do sector, isto supón unha clara discriminación, xa que non existen diferenzas reais nas condicións laborais a bordo destes barcos. Ademais, afecta a máis de 1.500 traballadores en Galicia, especialmente de arrastreiros e palangreiros conxeladores, que desenvolven a súa actividade en augas internacionais e en condicións extremas.

É urxente que a Xunta de Galicia defenda os intereses destes profesionais e inste ao Goberno do Estado a revisar e modificar a normativa, eliminando interpretacións arbitrarias que penalizan a uns mariñeiros fronte a outros.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que xestións ten realizado ou prevé realizar a Xunta de Galicia para evitar a discriminación que sofren arredor de 1.500 mariñeiros galegos en barcos conxeladores, aos que non se lles aplica o mesmo coeficiente redutor de idade de xubilación ca outros traballadores do mar en idénticas condicións?





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2025 12:13:22
Nº Rexistro: 33547
Data envío: 09/09/2025 12:13:22.235

Santiago de Compostela, 9 de setembro de 2025

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-N5oeQIS4A-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Patricia García González na data 09/09/2025 12:11:26
María Deza Martínez na data 09/09/2025 12:11:40
Jesús María Fernández Rosende na data 09/09/2025 12:11:53
Miguel Fidalgo Iglesias na data 09/09/2025 12:12:02
Dolores Hermelo Piñeiro na data 09/09/2025 12:12:12
Paula Mouzo Mas na data 09/09/2025 12:12:25
María Magdalena Perez Millares na data 09/09/2025 12:12:33
Raúl Santamaría González na data 09/09/2025 12:12:44
Manuel Santos Costa na data 09/09/2025 12:12:59



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/09/2025 12:13:23



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2025 12:13:22
Nº Rexistro: 33547
Data envío: 09/09/2025 12:13:22.235

CSV: BOPGDSPG-N5oeQIS4A-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2025 12:32:59
Nº Rexistro: 33551
Data envío: 09/09/2025 12:32:59.320

Asinado o día 09/09/2025
12:30
Por Julio García Com

Á Mesa do Parlamento

Patricia García González, Alberto Pazos Couñago, Julio García Comesaña, Miguel Fidalgo Iglesias, Cristina Campero Dorado, María Deza Martínez, José Luis Ferro Iglesias, Rubén Lorenzo Gómez, Argimiro Marnotes Fernández, Carmen Pomar Tojo, Roberto Rodríguez Martínez, Gonzalo Trenor López e Katherinie Varela Fernández, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos.**

Vigo e Redondela constitúen unha unidade funcional dentro da área metropolitana, con máis de 20.000 desprazamentos diarios entre ambos municipios. Sen embargo, o custo do transporte, tanto por estrada como por ferrocarril, é dos máis elevados de Galicia.

A recente decisión de Audasa de redondear ao alza os peaxes da AP-9 no tramo de Rande supón pagar 1,20 € por quilómetro, mentres que os abonos de tren de Renfe superan os 35 € mensuais, máis do dobre do prezo medio do Eixo Atlántico.

Isto significa que os cidadáns de Vigo e Redondela pagan ata un 80 % máis polo mesmo servizo de mobilidade que noutros territorios galegos, o que constitúe unha clara discriminación territorial e social.

É preciso que a Xunta de Galicia esixa medidas correctoras para garantir unha mobilidade accesible, xusta e acorde coa realidade dunha das áreas urbanas máis dinámicas do país.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que valoración fai o Goberno galego sobre que o Goberno central non tome medidas para corrixir a situación discriminatoria que sofren os usuarios do ferrocarril entre Vigo e Redondela, onde os abonos son os máis caros de Galicia, chegando a supoñer ata un 80 % máis que noutros territorios?

Asinado o día 09/09/2025 ás
12:30
Por Alberto Pazos Couñago

Asinado o día 09/09/2025 ás
12:29
Por Patricia García González

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2025 12:32:59
Nº Rexistro: 33551
Data envío: 09/09/2025 12:32:59.320

Santiago de Compostela, 9 de setembro de 2025

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-N5oeQIS4A-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Patricia García González na data 09/09/2025 12:29:55
Alberto Pazos Couñago na data 09/09/2025 12:30:07
Julio García Comesaña na data 09/09/2025 12:30:23
Miguel Fidalgo Iglesias na data 09/09/2025 12:30:35
Cristina Campero Dorado na data 09/09/2025 12:30:52
María Deza Martínez na data 09/09/2025 12:31:03
José Luis Ferro Iglesias na data 09/09/2025 12:31:24
Rubén Lorenzo Gómez na data 09/09/2025 12:31:41
Argimiro Marnotes Fernández na data 09/09/2025 12:31:56
Carmen Pomar Tojo na data 09/09/2025 12:32:11
Roberto Rodríguez Martínez na data 09/09/2025 12:32:22
Gonzalo Trenor López na data 09/09/2025 12:32:30
Katherinie Varela Fernández na data 09/09/2025 12:32:41



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/09/2025 12:33:00



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2025 12:32:59
Nº Rexistro: 33551
Data envío: 09/09/2025 12:32:59.320

CSV: BOPGDSPG-N5oeQIS4A-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

Patricia García González, María Deza Martínez, Jesús Fernández Rosende, Miguel Fidalgo Iglesias, Dolores Hermelo Piñeiro, Paula Mouzo Mas, Magdalena Pérez Millares, Raúl Santamaría González e Manuel Santos Costa, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo.**

A recente decisión da ONU de aprobar a ampliación da plataforma continental ao oeste de Galicia, engadindo case 40.000 km² á soberanía española, constitúe un fito histórico para o noso país e, de maneira especial, para Galicia.

Esta ampliación abre novas posibilidades para a exploración e aproveitamento de recursos mariños e minerais, para o desenvolvemento científico e tecnolóxico e para a consolidación de Galicia como potencia mariña europea. Vigo, cunha das maiores frotas pesqueiras do mundo e con centros de investigación de referencia, debe situarse no epicentro desta nova etapa.

É fundamental que a Xunta de Galicia asuma un papel activo, defendendo que esta ampliación repercuta directamente en beneficio da comunidade galega, tanto a nivel económico como ambiental, garantindo unha explotación sostible dos recursos.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que medidas ten previsto impulsar a Xunta de Galicia para asegurar que a ampliación da plataforma continental ao oeste de Galicia, recoñecida pola ONU, reverta en beneficios directos para o desenvolvemento económico, científico e ambiental da nosa Comunidade?

Santiago de Compostela, 9 de setembro de 2025





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2025 12:56:21
Nº Rexistro: 33557
Data envío: 09/09/2025 12:56:21.801

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-N5oeQIS4A-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Patricia García González na data 09/09/2025 12:54:34
María Deza Martínez na data 09/09/2025 12:54:46
Jesús María Fernández Rosende na data 09/09/2025 12:54:59
Miguel Fidalgo Iglesias na data 09/09/2025 12:55:08
Dolores Hermelo Piñeiro na data 09/09/2025 12:55:18
Paula Mouzo Mas na data 09/09/2025 12:55:30
María Magdalena Perez Millares na data 09/09/2025 12:55:39
Raúl Santamaría González na data 09/09/2025 12:55:49
Manuel Santos Costa na data 09/09/2025 12:56:01



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2025 12:56:21
Nº Rexistro: 33557
Data envío: 09/09/2025 12:56:21.801

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/09/2025 12:56:22

CSV: BOPGDSPG-N5oeQIS4A-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

Patricia García González, María Deza Martínez, Jesús Fernández Rosende, Miguel Fidalgo Iglesias, Dolores Hermelo Piñeiro, Paula Mouzo Mas, Magdalena Pérez Millares, Raúl Santamaría González e Manuel Santos Costa, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo.**

Galicia é líder mundial na produción de conservas de túnidos, representando o 70 % da produción española e xerando milleiros de empregos directos e indirectos. A reputación internacional deste sector baséase na calidade, seguridade alimentaria e cumprimento estrito das normas europeas.

A recente decisión de varias autoridades locais en Francia de prohibir o consumo de atún en conserva en comedores escolares, baixo o argumento de supostos niveis excesivos de mercurio, carece de fundamento científico e prexudica gravemente á imaxe e á competitividade da conserva galega.

As autoridades europeas competentes (como a EFSA) teñen avalado reiteradamente que o consumo de atún en conserva é seguro, e mesmo estudos científicos confirman que o mercurio que poida estar presente se neutraliza de forma natural polo selenio, sen risco para a saúde.





É imprescindible que a Xunta de Galicia defenda con firmeza a veracidade científica e a calidade da conserva galega nos foros nacionais e europeos, evitando campañas infundadas que ameacen a imaxe do sector.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que actuacións ten previsto impulsar a Xunta de Galicia para defender a imaxe e a competitividade da conserva galega fronte a decisións unilaterais e infundadas, como a prohibición do atún en conserva en colexios franceses alegando falsamente riscos polo mercurio?

Santiago de Compostela, 9 de setembro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Patricia García González na data 09/09/2025 13:04:17

María Deza Martínez na data 09/09/2025 13:04:29

Jesús María Fernández Rosende na data 09/09/2025 13:04:48

Miguel Fidalgo Iglesias na data 09/09/2025 13:04:58

Dolores Hermelo Piñeiro na data 09/09/2025 13:05:08

Paula Mouzo Mas na data 09/09/2025 13:05:20

María Magdalena Perez Millares na data 09/09/2025 13:05:28

Raúl Santamaría González na data 09/09/2025 13:05:39

Manuel Santos Costa na data 09/09/2025 13:05:55



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/09/2025 13:06:13



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2025 13:06:12
Nº Rexistro: 33561
Data envío: 09/09/2025 13:06:12.967

CSV: BOPGDSPG-N5oeQIS4A-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

Patricia García González, María Deza Martínez, Jesús Fernández Rosende, Miguel Fidalgo Iglesias, Dolores Hermelo Piñeiro, Paula Mouzo Mas, Magdalena Pérez Millares, Raúl Santamaría González e Manuel Santos Costa, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo.**

A decisión da Comisión Europea de prohibir a pesca de fondo en 87 zonas mariñas tivo un forte impacto na frota galega de litoral, especialmente nos palangreiros e artes menores. Agora, a revisión destas vedas abre a posibilidade de amplialas a 104 ou mesmo 115 zonas, o que suporía un novo golpe para a viabilidade socioeconómica de centos de embarcacións galegas.

As organizacións de produtores, como o Porto de Burela, advertiron que estas medidas carecen de proporcionalidade e non teñen en conta o impacto socioeconómico sobre comunidades costeiras que dependen da pesca.

É necesario que a Xunta defenda con firmeza os intereses da frota galega ante o Goberno do Estado e a Comisión Europea, esixindo que calquera medida de protección ambiental sexa equilibrada, baseada en evidencias científicas actualizadas e compatible coa sustentabilidade social e económica.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:





Que medidas está a adoptar a Xunta de Galicia para evitar que a revisión das 87 vedas pesqueiras por parte da Comisión Europea, que poderían ampliarse a 104 ou 115 zonas, prexudique gravemente á frota de litoral galega?

Santiago de Compostela, 9 de setembro de 2025

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Asinado dixitalmente por:

Patricia García González na data 09/09/2025 13:13:40

María Deza Martínez na data 09/09/2025 13:13:52

Jesús María Fernández Rosende na data 09/09/2025 13:14:07

Miguel Fidalgo Iglesias na data 09/09/2025 13:14:17

Dolores Hermelo Piñeiro na data 09/09/2025 13:14:28

Paula Mouzo Mas na data 09/09/2025 13:14:39

María Magdalena Perez Millares na data 09/09/2025 13:14:48

Raúl Santamaría González na data 09/09/2025 13:14:59

Manuel Santos Costa na data 09/09/2025 13:15:14



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/09/2025 13:15:32



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2025 13:15:31
Nº Rexistro: 33565
Data envío: 09/09/2025 13:15:31.214

CSV: BOPGDSPG-N5oeQIS4A-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Taibo Corsanego e Cristina Fernández Davila, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre as eivas en educación primaria no CEIP Vicente Otero Valcárcel de Carral.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O CEIP Vicente Otero Valcárcel de Carral é o único centro de educación infantil e primaria de Carral. A uns días do inicio do curso, a situación do centro non cumpre cos mínimos e faise preciso corrixila con urxencia. En concreto, a realidade actual do centro fai preciso contar un mestre especialista en pedagogía terapéutica, un mestre especialista en audición en linguaxe, un coidador e unha aula adicional (a terceira) de 4.ª de primaria. Dúas crianzas con necesidades especiais durante o curso pasado deixan de estar neste ciclo, mais incorpóranse a cuarto de Educación Primaria outras dúas con discapacidades recoñecidas, polo que non se entende o aumento de alumnos por aula nin que se dispense dun coidador. Na actualidade, o número de alumnos e alumnas por aula non cumpre coa ratio, se atendemos ás necesidades especiais.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

- Cal é a valoración que fai o goberno galego sobre a dotación de profesorado e profesorado especialista, e a atención ao alumnado con necesidades especiais para o curso 2024-2025?

Asinado o día 09/09/2025 ás
13:35
Por Cristina Fernández Davila

Asinado o día 09/09/2025 ás
13:35
Por Iria Taibo Corsanego





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

- Entende o goberno galego que a dotación de profesorado especialista no CEIP Vicente Otero Valcárcel de Carral é suficiente para atender as necesidades do alumnado?

- Entende o goberno galego que a distribución dos grupos de Educación Primaria no CEIP Vicente Otero Valcárcel de Carral é axeitada para atender as necesidades do alumnado?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 09/09/2025 13:35:00

Cristina Fernández Davila na data 09/09/2025 13:35:07



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2025 13:35:54
Nº Rexistro: 33568
Data envío: 09/09/2025 13:35:54.370

CSV: BOPGDSPG-N5oeQIS4A-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2025 13:35:54
Nº Rexistro: 33568
Data envío: 09/09/2025 13:35:54.370

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/09/2025 13:35:55

CSV: BOPGDSPG-N5oeQIS4A-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

Sonia Vidal Lamas e Cristina Fernández Davila, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, relativa ás obras no CEIP Padre Crespo Xunqueira de Ambia.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No CEIP Padre Crespo, en Xunqueira de Ambía, o curso 2025–2026 arrincou entre andamios, valados plásticos sen fixar, ruídos constantes de taladro e baños sen rematar. A comunidade educativa ten denunciado que arredor de 140 nenos e nenas case un terzo deles con necesidades educativas especiais— conviven a diario cunha obra aberta dentro do recinto escolar, cunha previsión de remate que se estende varios meses despois do inicio do curso.

Este escenario non é froito dun imprevisto. O CEIP Padre Crespo leva anos medrando en matrícula, pasando de pouco máis de 40 alumnos a superar os 110 en apenas unha década, consolidándose como un referente de innovación no rural. A resposta institucional foi licitar unha ampliación e reforma interior a finais de 2024, coa intención de crear novas aulas, despachos, sala de profesorado e aseos. A propia Consellería anunciou publicamente que se trataba dunha das intervencións máis relevantes en execución.

Nada que obxectar ao feito de ampliar. O problema está en como e cando se executan estas obras. A Consellería de Educación, como titular do servizo, está obrigada a cumprir coa normativa de prevención de riscos, coa normativa de seguridade en obras e

Asinado o día 09/09/2025 ás
13:49
Por Cristina Fernández Davila

Asinado o día 09/09/2025 ás
13:49
Por Sonia Vidal Lamas





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

cos requisitos mínimos de instalacións escolares que garantan seguridade e funcionalidade. Non se trata de recomendacións, senón de obrigas legais.

A realidade é que a falta de planificación e coordinación fixo que o alumnado tivera que entrar por baixo de andamios, sortear valados sen ancoraxe, sufrir ruídos de alta intensidade durante as clases, dispoñer dun comedor reducido á metade e empregar servizos sanitarios sen rematar. Intolerables son tamén as incidencias nas comunicacións que se están a producir no propio centro, que a día de hoxe está sen liña telefónica nin acceso á internet.

Todo isto é incompatible cun arranque escolar seguro e digno, especialmente cando existen crianzas con sensibilidade sensorial para as que o ruído é unha barreira evidente. A Organización Mundial da Saúde recomenda non superar os 35 decibelios de ruído de fondo nas aulas, limiar que calquera ferramenta de obra multiplica por varias veces.

Chegados a este punto, a responsabilidade é clara: a Consellería tiña tempo, tiña orzamento e tiña normativa de sobra. O que fallou foi a xestión. Non é de recibo que se lle impoña á comunidade educativa o falso dilema de soportar ruído e riscos ou atrasar a obra. Entre unha opción e a outra había alternativas: segregar fisicamente a obra, programar traballos ruidosos fóra do horario lectivo, habilitar espazos provisionais para comedor e aulas afectadas ou, de ser necesario, reubicar temporalmente grupos.

En definitiva, ampliar os centros educativos é positivo; o que non se pode admitir é que á comunidade educativa, especialmente as crianzas, teña que tolerar estas dificultades no inicio de curso.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

1. Considera a Consellería de Educación que é aceptable o inicio do curso no CEIP Padre Crespo entre andamios, valados soltos, ruído constante e baños sen rematar?
2. Que razóns xustifican que non se planificase a execución da obra para estar finalizada antes do 8 de setembro?
3. Que medidas concretas adoptou a Consellería para garantir a seguridade do alumnado e profesorado mentres as obras seguen activas en horario lectivo?
4. Está a Consellería a cumprir coas obrigas legais en materia de prevención de riscos laborais, seguridade en obras e requisitos mínimos dos centros escolares neste caso?
5. Que alternativas valorou a Consellería para evitar que os nenos e nenas convivan co ruído e cos riscos da obra (como aulas provisionais, reubicación temporal de grupos ou fases de traballo diferenciadas)?
6. Que calendario real de finalización das obras manexa a Consellería, e por que non foi informado con transparencia á comunidade educativa?
7. Ten previsto a Consellería introducir cláusulas nas futuras contratacións de obras en centros escolares que obriguen a rematar as intervencións de maior impacto antes do comezo do curso escolar?

O desenvolvemento industrial en Galicia precisa do apoio financeiro do Goberno galego, e que precisa tamén de medidas lexislativas valentes que eviten a deslocalización da principal actividade empresarial fóra de Galicia, ou o peche de centros de traballo, ou ben evitar que as empresas cambien a súa sede social para tributar fóra da nosa Comunidade Autónoma e beneficiarse do “dumping fiscal” que están a practicar de maneira feroz Comunidades Autónomas amigas deste goberno, como é a de Madrid.

Asinado o día 11/09/2025 ás 15:42
Por Patricia Iglesias Rey

Polo tanto, é preciso que o Goberno galego adoite medidas normativas precisas, como por exemplo xa fixo a Comunidade Autónoma de Navarra e que tamén está a impulsar o Goberno de España coa nova Lei de Industria e

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

116282

28071 Madrid

CSV: BOPGDSPG-N5oeQIS4A-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 33790
Data envío: 11/09/2025 16:14:56,247

sectores estratéxicos. Medidas que van na liña da UE, con propostas xurídicas para que as empresas que reciben axudas públicas non deslocalicen as súas actividades económicas, para evitar a perda de postos de traballo e os problemas no tecido económico, produtivo e industrial. Medidas nas que se recolle como causa específica o reintegro das axudas se as empresas deslocalizan, tendo a obriga de devolver as axudas percibidas durante o últimos oito anos.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

Vai o Goberno galego a estudar a viabilidade xurídica de solicitar o reintegro das subvencións percibidas ás empresas beneficiarias de axudas públicas financiadas con orzamentos galegos, no suposto de peche empresarial ou redución maioritaria da súa actividade en Galicia?

Santiago de Compostela, a 10 de setembro do 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

116283

28071 Madrid

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-N5oeQIS4A-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 11/09/2025 15:42:03

Lara Méndez López na data 11/09/2025 15:42:09

Elena Espinosa Mangana na data 11/09/2025 15:42:16



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 33790
Data envío: 11/09/2025 16:14:56.247

CSV: BOPGDSPG-N5oeQIS4A-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 33790
Data envío: 11/09/2025 16:14:56,247

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/09/2025 16:14:57

CSV: BOPGDSPG-N5oeQIS4A-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 33791
Data envío: 11/09/2025 16:15:19.471

Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey e Lara Méndez López, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 6.^a, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

A Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas modifica por décima terceira vez no capítulo II, dedicado á enerxía eólica, a modificación da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental.

As medidas legislativas que se aproban no 2025 para o desenvolvemento eólico no noso país, son improvisadas e son medidas que non foron consensuadas cos sectores afectados -cos concellos, coa veciñanza dos territorios, coas asociacións ecoloxistas, así como o sector eólico- que incrementan, aínda máis se cabe, a inseguridade xurídica no que está sumido o sector eólico en Galicia. A política enerxética galega non é recoñecible en Galicia.

Así, ademais doutras modificacións puntuais, actualízase a regulación do Plan Sectorial Eólico de Galicia, como instrumento de ordenación do territorio que ten por obxecto ordenar e regular a implantación territorial de todas as infraestruturas e instalacións necesarias para o aproveitamento da enerxía renovable eólica en Galicia. Plan sectorial que moi pronto verá a luz no 2029, tal e como recoñeceu a conselleira de Economía e Industria.

Asinado o día 11/09/2025 ás
15:45
Por Lara Méndez López

Asinado o día 11/09/2025 ás
15:45
Por Patricia Iglesias Rey

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

116286

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 33791
Data envío: 11/09/2025 16:15:19.471

Mentres o novo Plan Sectorial Eólico non se aprobe e entre en vigor, como moi pronto dentro de catro anos, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cantos MW quedan pendentes de autorizar na planificación vixente en Galicia no 2025 (Plan Sectorial Eólico do 1997 e posteriores modificacións), tendo en conta na resposta tamén os MW dos parques eólicos suspendidos cautelarmente polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia?
2. Cantas áreas territoriais de desenvolvemento eólico (ADES) están libres no Plan Sectorial Eólico vixente (Plan sectorial eólico do 1997 e posteriores modificacións) para solicitar autorizacións administrativas de parques eólicos, tendo en conta na resposta tamén as ADES dos parques eólicos suspendidos cautelarmente polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia?

Santiago de Compostela, a 13 de setembro do 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

116287

28071 Madrid

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-N5oeQIS4A-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 11/09/2025 15:45:07

Lara Méndez López na data 11/09/2025 15:45:15



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 33791
Data envío: 11/09/2025 16:15:19.471

CSV: BOPGDSPG-N5oeQIS4A-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/09/2025 16:15:20



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 33791
Data envío: 11/09/2025 16:15:19.471

CSV: BOPGDSPG-N5oeQIS4A-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 33792
Data envío: 11/09/2025 16:15:40,120

Asinado o día 11/09/2025 ás 15:46
Por Silvia Longueira (

Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

O Defensor del Pueblo de España vén de emitir un informe demoledor sobre o sanatorio Hestia La Robleda, situado no Pino, no que constata varias situacións de "mala praxe", contencións mecánicas inxustificadas e, mesmo, acusacións de abuso sexual contra unha persoa traballadora.

Actualmente, hai no sanatorio da Robleda 26 pacientes derivados da sanidade pública galega, polo que a responsabilidade do Goberno galego ante esta grave situación denunciada polo Defensor do Pobo é directa, e amosa unha neglixencia por omisión na súa labor de inspección e seguimento.

Por mor deste informe, o Defensor del Pueblo, fai unha serie de recomendacións e suxestións tanto á Administración autonómica como á empresa titular do centro para emendar todas as deficiencias detectadas e revisar os protocolos. Os técnicos que visitaron o sanatorio describen como a estancia media global na Robleda é duns 187 días, por encima da media en psiquiatría en Galicia. Mesmo hai pacientes que permanecen anos de forma involuntaria e "a pesar da súa estabilidade clínica".

O informe do Defensor del Pueblo tamén denuncia a violación do dereito á intimidade e privacidade pola presenza de cámaras de videovixilancia en parte das habitacións e que "teñen previsto ampliar a área de cobertura" a todos os cuartos. Isto faise de maneira "especialmente irregular", porque non está rexistrado en ningún dos documentos do funcionamento do centro.

Asinado o día 11/09/2025 ás 15:46
Por Elena Espinosa Mangana

Asinado o día 11/09/2025 ás 15:46
Por Patricia Iglesias Rey

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

116290

28071 Madrid

CSV: BOPGDSPG-N5oeQIS4A-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 33792
Data envío: 11/09/2025 16:15:40.120

Polo exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Ante o demoledor informe do Defensor del Pueblo sobre o sanatorio La Robleda, vai o Goberno galego a realizar unha auditoría funcional do hospital psiquiátrico. Darase conta desa auditoría do centro ao Parlamento galego?
2. Vai o Goberno galego a inspeccionar, supervisar e dar resposta inmediata no prazo máximo dun mes a toda a problemática posto de manifesto polo Defensor del Pueblo sobre o sanatorio La Robleda. Remitirase un informe ao Parlamento galego da inspección e supervisión realizada?
3. O Goberno galego vai realizar un calendario para realizar un seguimento semestral das condicións asistenciais nas que se atopan os centros concertados polo Sergas e polo Consellería de Política Social?

Santiago de Compostela, a 10 de setembro do 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal  **981.55.15.30**

116291

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 11/09/2025 15:46:32

Elena Espinosa Mangana na data 11/09/2025 15:46:42

Silvia Longueira Castro na data 11/09/2025 15:46:48



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 33792
Data envío: 11/09/2025 16:15:40.120

CSV: BOPGDSPG-N5oeQIS4A-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/09/2025 16:15:40



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 33792
Data envío: 11/09/2025 16:15:40.120

CSV: BOPGDSPG-N5oeQIS4A-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2025 16:30:34
Nº Rexistro: 33793
Data envío: 11/09/2025 16:30:34.914

Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey e Carlos López Font, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 2ª**.

A principios deste ano o goberno da Xunta licitou un contrato de servizo de xestión con transporte dos residuos de fabricación de Lindano identificados na pista do Contrasto (O Porriño, Pontevedra).

Un contrato que tiña un período de execución de 8 meses e por un importe de 5.833.502,37 EUR.

Transcorrido este período e concluídos estes, os traballos de descontaminación limitáronse unicamente ao viario público municipal.

Isto é a todos os efectos unha solución parcial xa que a maior cantidade desta substancia atópase en parcelas privadas que colindan con ese viario.

Isto provoca que por mor das escorrentías e as filtracións en pouco tempo o viario volva a contaminarse e que os acuíferos e pozos da zona sufran a mesma consecuencia.

Ante esta situación, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1.Ten previsto o Goberno da Xunta licitar un novo contrato de retirada dos restos de lindano aínda presentes na parroquia do Contrasto (O Porriño, Pontevedra) ou dá por concluídos estes traballos?

Asinado o día 11/09/2025 ás
16:29
Por Carlos López Font

Asinado o día 11/09/2025 ás
16:28
Por Paloma Castro Rey

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

116294

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2025 16:30:34
Nº Rexistro: 33793
Data envío: 11/09/2025 16:30:34.914

2. Como valora este goberno a posibilidade de que por mor das escorrentías e as filtracións en pouco tempo o viario volva a contaminarse e que os acuíferos e pozos da zona sufran a mesma consecuencia?

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2025

CSV: BOPGDSPG-N5oeQIS4A-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

116295

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 11/09/2025 16:28:56

Carlos López Font na data 11/09/2025 16:29:04



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2025 16:30:34
Nº Rexistro: 33793
Data envío: 11/09/2025 16:30:34.914

CSV: BOPGDSPG-N5oeQIS4A-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2025 16:30:34
Nº Rexistro: 33793
Data envío: 11/09/2025 16:30:34.914

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/09/2025 16:30:35

CSV: BOPGDSPG-N5oeQIS4A-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2025 16:43:50
Nº Rexistro: 33798
Data envío: 11/09/2025 16:43:50,484

Asinado o día 11/09/2025
16:40
Por Silvia Longueira (

Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 5ª**.

O Real decreto 664/2024, do 9 de xullo, polo que se regulan as axudas económicas a vítimas de violencias sexuais, ten por obxecto regular a axuda económica prevista no artigo 41 da Lei orgánica 10/2022, do 6 de setembro.

Así, a norma dá cumprimento ao mandato do artigo 41.3 da precitada lei orgánica, e establece as condicións básicas que garanten o acceso á devandita axuda en condicións de igualdade, regulando aspectos tales como as persoas beneficiarias da axuda, a acreditación da condición de vítima, o prazo de presentación da solicitude, a tramitación da axuda, o seu pago e o seu reembolso.

Todo iso, sen prexuízo das competencias que as comunidades autónomas e as cidades de Ceuta e Melilla teñen tamén nesta materia.

En definitiva, esta norma regula unha serie de dereitos a favor das vítimas de violencias sexuais co fin de garantir a súa autonomía económica e de facilitar a súa recuperación integral a través de actuacións no ámbito económico, laboral e da vivenda.

En Galicia, o orzamento 2025 prevé unha partida, Programa 313D, protección e apoio ás mulleres que sofren violencia de xénero, axudas ás vítimas que sofren

Asinado o día 11/09/2025 ás
16:39
Por Elena Espinosa Mangana

Asinado o día 11/09/2025 ás
16:39
Por Paloma Castro Rey

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

116298

28071 Madrid

CSV: BOPGDSPG-N5oeQIS4A-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2025 16:43:50
Nº Rexistro: 33798
Data envío: 11/09/2025 16:43:50.484

violencia sexual. Na que constan uns fondos finalistas do Estado por un importe de 1.272.638 € .

Transcorridos 9 meses dende a aprobación destes orzamentos o Goberno da Xunta non fixo efectivas estas axudas nin tan sequera iniciou a tramitación para concedelas.

Ante esta situación, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta:

Vai o Goberno galego iniciar de maneira urxente o procedemento de concesión das axudas para vítimas de violencia sexual previstas no artigo 41 de LOGILS reguladas posteriormente mediante o Real decreto 664/2024?

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

116299

28071 Madrid

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-N5oeQIS4A-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 11/09/2025 16:39:37

Elena Espinosa Mangana na data 11/09/2025 16:39:55

Silvia Longueira Castro na data 11/09/2025 16:40:05



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2025 16:43:50
Nº Rexistro: 33798
Data envío: 11/09/2025 16:43:50,484

CSV: BOPGDSPG-N5oeQIS4A-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/09/2025 16:43:51



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2025 16:43:50
Nº Rexistro: 33798
Data envío: 11/09/2025 16:43:50.484

CSV: BOPGDSPG-N5oeQIS4A-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2025 17:02:38
Nº Rexistro: 33805
Data envío: 11/09/2025 17:02:38,412

Asinado o día 11/09/2025
16:53
Por Patricia Iglesias F

Á MESA DO PARLAMENTO

Lara Méndez López, Paloma Castro Rey e Patricia Iglesias Rey, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

O Conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, avanzaba no mes de outubro do ano 2024 a intención da Xunta de Galicia de levar á Cámara autonómica a nova Lei de Administración local de Galicia, no primeiro trimestre do ano, coa intención de poder debatela, melloralala e aprobala.

No Debate do Estado de Autonomía celebrado o pasado 23 de abril do 2025, o presidente da Xunta de Galicia comprometeuse a iniciar o trámite no primeiro semestre da nova lei.

Estamos ante unha lei do ano 1997, 5/1997 22 de xullo, Administración local de Galicia. E, polo tanto, desfasada e sen atender as necesidades reais dos concellos.

Esta norma é precisa para actualizar un novo marco xurídico da Administración local que leva anos demandando unha modernización da mesma. Trátase de reforzar a autonomía local e dotar aos concellos de maior capacidade de xestión e sobre todo de financiamento. Adaptar a organización territorial aos novos retos demográficos, económicos e sociais. Garantindo unha mellor coordinación entre administracións.

Os gobernos locais e a cidadanía precisan que este compromiso se traduza en feitos lexislativos concretos, garantindo un marco eficaz, equitativo e transparente para a xestión pública local.

Asinado o día 11/09/2025 ás
16:53
Por Paloma Castro Rey

Asinado o día 11/09/2025 ás
16:53
Por Lara Méndez López

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

116302

28071 Madrid

CSV: BOPGDSPG-N5oeQIS4A-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2025 17:02:38
Nº Rexistro: 33805
Data envío: 11/09/2025 17:02:38,412

A actual normativa presenta limitacións á hora de responder ás novas necesidades organizativas, financeiras e competencias dos concellos galegos.

O paso do tempo, os cambios demográficos e a crecente demanda de servizos públicos máis próximos, eficaces e transparentes fan imprescindible unha actualización lexislativa que permita reforzar a autonomía municipal con un sistema de financiación estable e suficiente e que promova a igualdade territorial o equilibrio entre o rural e o urbano e entre a Galicia das dúas velocidades.

O Estatuto de Autonomía de Galicia, no seu artigo 27.2, atribúe á nosa comunidade a competencia exclusiva en materia de réxime local, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.18ª da Constitución española, que reserva ao Estado a lexislación básica nesta materia.

En desenvolvemento destas competencias, Galicia aprobou no seu momento a Lei 5/1997, de Administración local de Galicia. Porén, máis de vinte e cinco anos despois, resulta evidente que esta norma non responde xa aos retos e necesidades actuais dos concellos galegos nin ás dinámicas territoriais, demográficas e financeiras que afectan á nosa comunidade.

Por todo isto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Ten previsto a Xunta de Galicia iniciar de inmediato a tramitación do anteproxecto da nova Lei de Administración Local de Galicia, cumprindo o compromiso adquirido polo presidente no Debate de Estado de Autonomía?

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal **981.55.15.30**

116303

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2025 17:02:38
Nº Rexistro: 33805
Data envío: 11/09/2025 17:02:38.412

2. Contempla a Xunta de Galicia consensuar o texto lexislativo coa Fegamp?
3. Estudia a Xunta de Galicia que a nova lei inclúa medidas efectivas de reforzo da autonomía municipal, un sistema de financiamento estable e un marco claro de cooperación interadministrativa?

Santiago de Compostela, a 11 de setembro do 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal  **981.55.15.30**

116304

28071 Madrid

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-N5oeQIS4A-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Lara Méndez López na data 11/09/2025 16:53:17

Paloma Castro Rey na data 11/09/2025 16:53:25

Patricia Iglesias Rey na data 11/09/2025 16:53:34



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2025 17:02:38
Nº Rexistro: 33805
Data envío: 11/09/2025 17:02:38,412

CSV: BOPGDSPG-N5oeQIS4A-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/09/2025 17:02:39



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2025 17:02:38
Nº Rexistro: 33805
Data envío: 11/09/2025 17:02:38,412

CSV: BOPGDSPG-N5oeQIS4A-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Alexandra Fernández Gómez, Mercedes Queixas Zas, Daniel Castro García e Iago Suárez Fernández, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión de control da CSAG**, sobre a emisión dos partidos do C.B Breogán na TVG.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Lugo é baloncesto. A ninguén escapa a afección que se sente, non só no concello de Lugo, polo C.B. Breogán. A nosa cidade e o conxunto de Galiza temos a sorte e o orgullo de contar cunha equipa histórica que leva décadas no máis alto nivel de competición actuando, alén do deportivo, como embaixadora do noso País.

Porén, o apoio, o seguimento e a afección que se sente en Lugo e en Galiza non se ve correspondido coa presenza do C.B. Breogán nos medios públicos de Galiza.

Nos últimos anos, a TVG só emitiu os partidos do Breo cando o clube competiu en Europa –na temporada 2023/2024-- nunca en ACB malia que noutros momentos si o fixo como tamén na LEB.

Sendo coñecedoras do disparatado mercado dos dereitos de emisión deportiva, do práctico monopolio dos mesmos e o abuso de poder que as grandes produtoras exercen sobre as televisións máis modestas, o certo é que outras corporacións públicas están a traballar para emitir partidos de equipas das súas áreas de influencia.

A modo de exemplo, esta temporada 2025/2026 a televisión pública de Catalunya anunciou que retransmitirá en aberto 14 partidos do Juventut, 10 en Esport3 en horario de domingo ás 12h e 4 en TVE en horario de domingo ás 12.30h. Segundo trascendeu





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

publicamente, as televisións públicas vasca e canaria tamén están a negociar a adquisición dos dereitos de retransmisión das súas equipas que compiten en ACB.

Pola contra, a CRTVG non amosou nos últimos anos nin nesta temporada que está a piques de comezar interese por adquirir eses dereitos e retransmitir en aberto, aínda que fose unha parte, dos encontros.

Desde o G.P. do Bloque Nacionalista Galego cremos que o deporte galego e especialmente os clubs que levan o nome de Galiza ao máis alto nivel de competición merecen que os seus medios públicos, os de todas as galegas e galegos, lle dean un tratamento á altura do seu nivel deportivo e do da súa afección.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión de control da CSAG :

- Por que non se interesou a CSAG polos dereitos de emisión dos partidos do CB Breogán tendo en conta que é a única equipa galega na primeira división do baloncesto?
- Vai, cando menos, negociar a CSAG a adquisición dos dereitos de emisión dos partidos do C.B. Breogán na Televisión de Galiza?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 11/09/2025 17:13:11

Mercedes Queixas Zas na data 11/09/2025 17:13:21

Alexandra Fernández Gómez na data 11/09/2025 17:13:30

Daniel Castro García na data 11/09/2025 17:13:39

Iago Suárez Fernández na data 11/09/2025 17:13:46



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/09/2025 17:14:48



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2025 17:14:47
Nº Rexistro: 33808
Data envío: 11/09/2025 17:14:47,927

CSV: BOPGDSPG-N5oeQIS4A-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

Gonzalo Trenor López, Paula Prado del Río, Argimiro Marnotes Fernández, Julio García Comesaña, Roberto Rodríguez Martínez, Paula Mouzo Mas, José Alberto Pazos Couñago, Carmen María Pomar Tojo, María Felisa Rodríguez Carrera e Katherinie Varela Fernández, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios**

O ministro de Transportes e Mobilidade Sostible avanzou no Congreso algúns detalles do Servizo de proximidade previsto polo Goberno central para Galicia.

En concreto, Óscar Puente referiuse a un estudo preliminar, que estará rematado antes de final de ano, no que se contemplan catro zonas principais, a área da Coruña, a de Vigo, a atlántica global e unha liña interior, e outra complementaria, que se corresponde co tren de ancho métrico Ferrol-Ribadeo.

Polo exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

1. Que valoración fai o Goberno galego das directrices marcadas polo Goberno central para a posta en marcha dun Servizo ferroviario de Cercanías en Galicia?

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Trenor López na data 11/09/2025 17:22:25
Paula Prado del Rio na data 11/09/2025 17:22:45
Argimiro Marnotes Fernández na data 11/09/2025 17:23:00
Julio García Comesaña na data 11/09/2025 17:23:09,11/09/2025 17:23:19
Roberto Rodríguez Martínez na data 11/09/2025 17:23:30
Paula Mouzo Mas na data 11/09/2025 17:24:09
Alberto Pazos Couñago na data 11/09/2025 17:24:27
Carmen Pomar Tojo na data 11/09/2025 17:24:39
María Felisa Rodríguez Carrera na data 11/09/2025 17:24:48
Katherinie Varela Fernández na data 11/09/2025 17:24:56



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/09/2025 17:34:08



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2025 17:34:07
Nº Rexistro: 33809
Data envío: 11/09/2025 17:34:07.872

CSV: BOPGDSPG-N5oeQIS4A-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2025 17:34:53
Nº Rexistro: 33811
Data envío: 11/09/2025 17:34:53.152

Asinado o día 11/09/2025
17:27
Por Katherine Varela

Á Mesa do Parlamento

Gonzalo Trenor López, Paula Prado del Rio, Argimiro Marnotes Fernández, Julio García Comesaña, Roberto Rodríguez Martínez, Paula Mouzo Mas, José Alberto Pazos Couñago, Carmen María Pomar Tojo, María Felisa Rodríguez Carrera e Katherine Varela Fernández, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios**

O ministro de Transportes e Mobilidade Sostible avanzou a intención de Renfe de reclamar á Xunta de Galicia as perdas económica ocasionadas polo corte do transporte ferroviario por mor da vaga de lumes que afectou a Galicia, especialmente á provincia de Ourense, o pasado mes de agosto.

Polo exposto, as deputadas e deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta:

1. Que valoración fai o Goberno galego da pretensión do Goberno central de reclamar compensacións económicas polo corte da liña férrea durante a vaga de incendios do pasado mes de agosto na nosa comunidade?

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2025

Asinado o día 11/09/2025 ás
17:27
Por Roberto Rodríguez Martínez

Asinado o día 11/09/2025 ás
17:27
Por Gonzalo Trenor López

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal



Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Trenor López na data 11/09/2025 17:27:32

Roberto Rodríguez Martínez na data 11/09/2025 17:27:39

Katherinie Varela Fernández na data 11/09/2025 17:27:48

Julio García Comesaña na data 11/09/2025 17:28:00

Argimiro Marnotes Fernández na data 11/09/2025 17:29:12

María Felisa Rodríguez Carrera na data 11/09/2025 17:29:20

Carmen Pomar Tojo na data 11/09/2025 17:29:31

Alberto Pazos Couñago na data 11/09/2025 17:29:41

Paula Mouzo Mas na data 11/09/2025 17:29:55



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/09/2025 17:34:53



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2025 17:34:53
Nº Rexistro: 33811
Data envío: 11/09/2025 17:34:53.152

CSV: BOPGDSPG-N5oeQIS4A-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2025 17:55:47
Nº Rexistro: 33813
Data envío: 11/09/2025 17:55:47,038

Asinado o día 11/09/2025
17:53
Por Montserrat Valcárcel

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago Suárez Fernández e Montserrat Valcárcel Armesto, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre o estado de contaminación do encoro das Conchas e a suspensión de competicións deportivas programadas.

Asinado o día 11/09/2025 ás
17:53
Por Iago Suárez Fernández

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O encoro das Conchas, situado na comarca da Baixa Limia, leva anos convertido nun dos exemplos máis graves e paradigmáticos do deterioro ambiental provocado pola inactividade e pasividade da Xunta de Galiza. A contaminación provocada por exceso de nutrientes e proliferación masiva de cianobacterias tóxicas é sobradamente coñecida pola veciñanza e polas institucións científicas. A situación chegou a tal punto que a propia administración autonómica se viu obrigada a suspender actividades acuáticas programadas, recoñecendo así un risco que ata agora negaba ou minimizaba.

A recente sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza vén confirmar que tanto a Xunta de Galiza como a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil vulneraron dereitos fundamentais da cidadanía ao non garantir un medio ambiente saudable nin a potabilidade da auga. O fallo recoñece o dereito das persoas a vivir nun entorno libre de contaminación e obriga a adoptar medidas inmediatas para a recuperación do encoro e para evitar que a poboación continúe exposta a riscos sanitarios e ambientais.

Asinado o día 11/09/2025 ás
17:53
Por Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Estamos, por tanto, ante un problema que transcende a dimensión ambiental -importantísima de seu- para converterse tamén nunha cuestión de saúde pública, de xustiza social e de modelo de desenvolvemento. A veciñanza das parroquias próximas





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

leva anos convivindo con cheiros nauseabundos, auga de mala calidade e restricións para o seu uso. Ademais, a comarca sofre unha perda de oportunidades económicas, xa que o encoro, en lugar de ser un recurso para o lecer, o turismo sostible e a actividade económica ligada á natureza, converteuse nun foco de preocupante deterioro.

A contaminación de As Conchas non é un accidente puntual nin unha eventualidade meteorolóxica, senón a consecuencia dunha falla de previsión e planificación, limitándose a administración autonómica a medidas propagandísticas que máis parecen destinadas a minimizar o problema que a procurar a solución do mesmo.

É especialmente grave que foran os tribunais quen tiveran que instar ás administracións a actuar, evidenciando que non se cumpriron nin as obrigas legais nin as recomendacións científicas que desde hai anos advertían da magnitude do deterioro ambiental. Esta situación demostra que a Xunta de Galiza non fixo uso das súas competencias en materia de saúde pública, control ambiental e ordenación do territorio, nin exerceu o necesario labor de coordinación cos concellos afectados e coa Confederación Hidrográfica.

O último e máis recente episodio de negligencia e descoordinación entre a Xunta de Galiza e a Confederación Hidrográfica Miño-Sil ven de provocar o traslado dunha proba do Campionato de España da piragüismo, na modalidade Barco Dragón, dende Muíños ás instalacións de Verducido en Pontevedra. Esta decisión, acordada apenas 15 días antes da celebración do evento -previsto para os días 20 e 21 de setembro-, foi debido á revogación da autorización por parte da Confederación Hidrográfica para a celebración da proba como consecuencia do elevado nivel de contaminación das augas do encoro, respecto do que a Xunta de Galiza tiña declarada unha alerta de nivel 3 dende o mes de xuño. A prohibición do baño estendese agora á prohibición da realización de outras actividades deportivas de lecer o que xera unha evidente preocupación ante o grado de deterioro medio ambiental, con evidentes consecuencias, tamén, no económico e social e





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

nos dereitos fundamentais das persoas, como xa ten sentenciado o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza; ante o que a única resposta parece ser a pasividade e descoordinación das administracións públicas competentes.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

Cando coñeceu a Xunta de Galiza a convocatoria dunha proba do Campionato de España de piragüismo no encoro das Conchas?

Coñecida esa previsión, autorizou a Xunta de Galiza a súa celebración?

Comunicou a Xunta de Galiza á entidade organizadora a imposibilidade da celebración desa proba pola contaminación das augas do encoro?

No seu caso, en que data e por que medio?

A declaración do nivel 3 de contaminación declarado en xuño que imposibilitaba o baño, impedía a práctica do piragüismo?

Como foi a evolución da contaminación das augas dende o mes de xuño ate a actualidade?

Cónstalle e/ou autorización a Xunta de Galiza a realización doutras actividades lúdicas no encoro das Conchas?

Que medidas adoptou a Xunta para reducir a contaminación?

Que previsión manexa o goberno galego sobre a evolución da contaminación e que rebaixa das limitacións que atinxen as augas do encoro?





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2025 17:55:47
Nº Rexistro: 33813
Data envío: 11/09/2025 17:55:47,038

Alén dos máis importantes prexuizos medio ambientais e para a saúde e calidade de vida das persoas, valorou a Xunta de Galiza as consecuencias económicas das limitacións que provocan a contaminación das augas?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 11/09/2025 17:53:44

Iago Suárez Fernández na data 11/09/2025 17:53:50

Montserrat Valcárcel Armesto na data 11/09/2025 17:53:56



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2025 17:55:47
Nº Rexistro: 33813
Data envío: 11/09/2025 17:55:47,038

CSV: BOPGDSPG-N5oeQIS4A-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2025 17:55:47
Nº Rexistro: 33813
Data envío: 11/09/2025 17:55:47,038

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/09/2025 17:55:47

CSV: BOPGDSPG-N5oeQIS4A-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO


3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

